

**HISTORIAS, XENTES E CONTOS
DE PARADELA**

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

ÍNDICE

FONTES HISTÓRICAS DE SAN MIGUEL DE PARADELA

DISTRIBUCIÓN PARROQUIAL DE PARADELA

EIXE SARRIA PORTOMARÍN
ADMINISTRACIÓN RELIXIOSA

XENTES DE PARADELA

O DENTISTA DE ALDOSENDE

DOR POLO O DENTISTA DE ALDOSENDE

CONVERSA CON XULIO VARELA DE LOIO

DON ÁNXEL FOLE EN PARADELA

DEZ ANOS DE XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE PARADELA
NOVAS REALIZACIÓNS E CENTRO COMERCIAL
ESTRADAS E SANEAMENTO RURAL

A BANDA DE PARADELA (ANTIGA BANDA DE BARRIDO)

MARUXA PÉREZ FERNÁNDEZ

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, POETA DE PARADELA

PARADELA
A FESTA DE SAN MIGUEL
CANTIGA Ó CARBALLO
O MUIÑO DA FERVEDOIRA

VELLAS TRADICIÓNS

A CAMPAÑA DE NOSA SEÑORA

OS MOUROS ESTIVERON EN PARADELA

CO LIÑO PERDEUSE MOITO LABOR

RETRANCA E HUMORISMO

O AVELINO DE RANDULFE

A Pedra de Nai
A Ruda
O Choio da Democracia
O traxe da Benigna
O xantar da Tarabela

O GAIOSO DAS CORTES

O Tesouro de Santa Cruz de Loio
¡Que ocasión se houbera vagar!
Nin avarento nin pailán

O ENRIQUE DE MACÍA

ETCETERA, ETCETERA...

O BONETE DO TRASGO

O CAPITÁN DE TOEXE

O CURANDEIRO DA BARRA

CONTOS QUE NON SON CONTOS

Os ovos da Otiliña
O comido polo servido
Cousas da mocidade
O w.c. das mulleres
A Festa dos Milagres
Tres cabalos perdidos
El era un brután, pero ela non o era menos
Fera Corbella
O Larpeiro
Dous cregos: don Mariano Domingo e O Chantadino
Un consello
A tola dos chaus
O Francés

**Outros nomes famosos
Cabo**

MÁIS COUSAS DA ALDEA

ALLEOS Ó POBO. SIMONÍA. ¿ATA CANDO?

"CABEZUDOS"

ENTERRO NA ALDEA

CABO

O MEDIO RURAL, FONTE DE CULTURA

FONTES HISTÓRICAS DE SAN MIGUEL DE PARADELA

Unha das fontes manuscritas máis antigas referidas á parroquia de San Miguel de Paradela atopámola en RELACION DA VISITA PASTORAL REALIZADA POLO BISPO DE LUGO, DON LUCAS BUSTOS DE LA TORRE, EN TODALAS PARROQUIAS DA DIOCESE, no que se relata canto encontrou nelas, capelanías, cofradías, ornamentos, desperfectos e outros danos, que apreciou durante as visitas pastorais entre o mes de Outubro de 1700 e Xuño de 1703.

Outro libro de información, tamén manuscrito datado no 1755, é RAZON UNIVERSAL DE TODALAS PEZAS ECLESIASTICAS QUE HAI NESTA DIOCESE DE LUGO, que se realizou "para remitir a Su Majestad, sendo secretario de Cámara do ilustrísimo señor don Frei Francisco Izquierdo, bispo e señor desta cidade, don Antonio Cosentino de Texada". Dito secretario ocupaba un cargo equivalente ó do actual secretario do bispado, don Amador López Valcárcel, quen nos facilitou a devandita documentación.

Na "Relación da Visita Pastoral...", realizada no ano 1702, (traducimos ó galego) lemos: "San Miguel de Paradela. Cura D. Xoán de Losada e Quiroga, de idade de 58 anos. Presentación do Conde de Lemos, leva o cura tódolos froitos: primicias á Igrexa. Vale o curato co anexo (S. Lourenzo de Suar) douscentos ducados. Hai Sacramento, pía bautismal, cismeira de prata. Era pobre a igrexa. Hai maiordomo (recaudador das primicias para o sostemento da mesma) Antonio López. Ten a igrexa de final alcance (superávit) ó seu favor trinteseis reais. Debe esta igrexa á de Suar, seu anexo, 102 reais que lle prestou para dourar o retábulo. Queda mandado ó cura compre una linterna (para acompañar o Viático) e que poña chave na pía bautismal e que faga fundir a patena e que se faga de novo. Non hai capelán, sacerdote, ermita nin cofradía. Hai unha capela no lugar de Avelaira (sic), de don Pº Guitián. Visitouse e atopouse con decencia e o necesario para celebrar".

O documento de 1755 apórtanos os datos de que San Miguel, co anexo de Suar, "paga anualmente 16 fanegas de centeo ó Cabido de Lugo, 18 reais de subsidio (contribución estatal) e 12 de visita". O cura chamábase Domingo Antonio López.

En canto a datos civís da Parroquia de San Miguel de Paradela, cen anos máis tarde, no Diccionario Madoz (1845) podemos ler varios datos curiosos para os lectores de hoxe en día: "Reúne 35 casas, varias fontes de auga potable e unha escola temporal pagada polos pais dos alumnos. O camiño de Monforte a Portomarín está mal coidado. O correo recíbese neste último punto tres veces á semana. Produce centeo, patacas, nabos, castañas, millo e legumes; cría gando vacuno, de cerda e lanar. Hai teares e muíños de fariña. Ten 34 veciños e 492 habitantes".

DISTRIBUCIÓN PARROQUIAL DE PARADELA

Dezaseis das dezaioito parroquias e anexos que compoñen o Concello de Paradelas encóntranse ó longo do Camiño de Santiago e da carretera comarcal Becerreá-Ventas de Narón e, aínda que representan a metade do territorio, acollen as tres cuartas partes da poboación total que, segundo o último censo, é de 3393 habitantes de dereito.

No vello Camiño Francés, citado por Manier, atópanse as de Ferreiros, Francos, A Laxe, As Cortes e San Xoán de Loio.

Santa María de Ferreiros, trasladada en 1790 ó lugar de Mirallos, ten unha fermosa portada con arco de medio punto, tres arquivoltas, interesantes capiteis e ábside románica. Entre as esculturas dos retábulos, destaca unha Virxe co Neno, do século XV ou XVI. Pertencen á parroquia de Ferreiros (195 habitantes) os lugares de Caraba, Delle, Ferreiros, Fruxinde (capela de Santa María), Mirallos, Parede (capela de San Roque), Pena, San Cristobo e A Veiga. A tradición asegura que nesta comarca existíu un hospital e un priorato.

Santa María de Francos (61 habitantes), comprende os lugares de Ferraría, Francos, Guimarás, Outeiro de Pena e Rozas. Moi preto do templo, de traza rural, hai un castro con resto de parapeto, infranqueable na parte superior, debido á mesta fraga.

A **Santiago de A Laxe** (164 habitantes), pertencen Castelo (capela de San Antonio), A Laxe, Mercadoiro (con restos da vella calzada), Moimentos, Moutrás, A Pedreira, A Retorta, Sesmonde e Vilalvite.

Á esquerda, contemplando fermosas panorámicas de Pacios, capitalidade do Concello, chégase á parroquia de **O Salvador de As Cortes** (215 habitantes) cos lugares de As Cortes, Santa María de Loio (capela adicada á Virxe), Pacios, A Parrocha, A Tellada e Vilachá. A festa celébrase o primeiro domingo de Agosto, aínda que o propio día do Santo é o día 6. A Parrocha consta como donación á Igrexa do Apóstol nun documento do rei Alfonso II. No Castro de As Cortes hai un penedo coñecido por "Pena da Ferradura do Cabalo" que, na parte superior, presenta unha canaleta. Os arqueólogos coidan que foi un altar de sacrificios. Tamén se conservan restos do muro e do foso exterior do castro, que se atopa a douscentos metros do lugar. Na igrexa parroquial pódense admirar tallas do século XVI, un Cristo do XVI e outras do XVII. As Cortes, pola súa proximidade a Portomarín (4 kilómetros) mantén escasa relación coa capital do Concello. Santa María de Loio foi moi importante na Alta Idade Media, debido ás peregrinacións ó sepulcro de Santiago. Contou con importante mosteiro, fundado antes do século IX e restaurado por Quintila,

que implantou a regra de San Fructuoso. A orixe da Orde Militar de Santiago relaciónase cunha assemblea de cabaleiros, celebrada no mosteiro de Santa María de Ribas de Loio, e co rei Fernando II que, en 1170 incorporou a Orde ó mosteiro. Do seu antigo esplendor, que Cartellá Ferrer viu en ruínas en 1600, só fican as referencias históricas. A capela actual, moi mal conservada, presenta un retábulo barroco e garda un Cristo do século XIII comesto pola couza.

San Xoán de Loio (26 habitantes), hoxe anegada practicamente na totalidade, ten dous restaurantes moi concurridos na época estival. A igrexa actual edificouse á beira das estradas á raíz da construción do embalse de Belesar.

EIXE SARRIA PORTOMARÍN

No eixe trazado pola estrada entre os límites de Sarria e Portomarín, á esquerda do río Loio, atópanse as parroquias de San Pedro de Barán, Vilaragunte, Andreade, Santa Cristina, San Vicente, San Miguel, Suar, Castro de San Mamede, Santabaia, San Facundo e Castro de San Martiño.

A parroquia de **San Pedro de Barán** (170 habitantes) está formada polos lugares de Barán, Cadeiras, Cortiñas, Outeiro, San Pedro e Tuimil. É coñecida polo importante castro elíptico no que se atoparon restos arqueolóxicos que se gardan no Museo Provincial. A igrexa barroca ten un retábulo do século XVI, con artísticas imaxes, destacando as de San Pedro e San Pablo, do século XIV e unha orixinal Virxe-Nai cun demo ós pés tentando amamentar ó Neno. O sagrario, antiquísimo, mostra un pelícano alimentando os seus pitos co sangue que se lle desprende do corazón.

Santa María de Vilaragunte componse de Casanova, Cimadevila, Güián, Eirexe, Loureiro, Teibade, Teicide, Vilar (capela de San Antonio) e Vilaragunte. Ten 179 habitantes. A Igrexa conserva o frontis e parte das paredes laterais norte e sur do século XII con saeteiras, relevos e adornos. A porta oeste con arco de medio punto, dúas arquivoltas e tímpano coa Cruz de Calatrava está afectada pola posibilidade de esborrallamento xa que a parte alta da fachada ubra perigosamente.

O templo, ben coidado, está baixo a advocación da Virxe da Asunción aínda que a festa celébrase polo Rosario. Actualmente soamente se celebraba o Corpus, época de chuvias, pero segundo nos di como anécdota o párroco, Xoán González, durante os 36 anos que el leva de

encargado da parroquia sempre houbo unha hora clara para facer a procesión. En Vilaragunte consérvase unha cruz monacal con inscrición datada en 1703, unha custodia do século XVII, un artístico incensario de prata e un cáliz do mesmo metal.

E curiosa a cuarteta dun confesionario do principio de século "Si confiesas un millón/y callas sólo un pecado/es nula tu confesión/y quedarás condenado".

Santiago de Andreade ten 17 casas e 75 habitantes distribuídos nos lugares de Eirexe, Campo, Agurtión e Andreade. A igrexa reedificada polo crego de Vilaragunte, está adicada a Santiago. A vella imaxe sedente do Apóstol (como a de A Laxe) era considerada avogosa contra as tormentas. De acordo cos ferigreses, foi vendida polo crego debido a que estaba comesta pola couza, e substituíuse polo Santiago actual matamouros. Coma en San Miguel, existe unha campaña que se tanxe en casos de partos difíciles.

Santa Cristina (120 habitantes) abrangue os lugares de Bermil (capela adicada á Inmaculada), Bricheiro, Condomiña, O Castro, Outeiro, Ríocabo (coñecido polas canteiras de pedra caliza), Santa Cristina e A Serra. O templo, que ardeu a comezos de século, ten un retábulo de granito e, no lateral dereito da nave, hai unha pía de auga que conserva sempre o mesmo nivel. A auga gárdase longo tempo sen corromperse, o que motiva a tradición de que a auga da Santa está bendita e ten a virtude de erguer a paletilla.

San Vicente (224 habitantes) comprende as localidades de Barrido, Cimadevila, Nai, Pereiraboa, Riocabo, Ríos, Rosende, San Vicente e Santa Mariña. A igrexa, segundo unha inscrición, data de 1634. A construción é sinxela, cun frontis de grandes bloques graníticos. Consta de tres retábulos ben ornamentados. No adro-cemiterio descubríronse sepulturas antropoides, unha das cales serve de pilón na casa rectoral. San Vicente é patria do bispo electo de Tui, Pedro López Ribera, que foi abade de Piñeira e membro da Xunta de Monforte durante a guerra de Independencia contra os franceses.

A parroquia de **San Miguel de Paradela** (326 habitantes) comprende Pacios, capitalidade do Concello, Abelaira, Carretería, Camporredondo, Millerados, Randulfe, O Rodillón e San Pedro onde parece ser que houbo unha igrexa e, ata hai pouco, conservaba restos dunha torre cuberta por silveiras que foi esborrallada para achandar o lugar chamado O Campo, na beira do camiño.

No límite da ferigresía, na Croa do Tournal (724 m.) existen restos castrexos. No cimo da plataforma ovalada de 114 por 67 metros, aínda se conservan anacos de muros e os vellos da parroquia afirman que a pedra das murallas da Croa serviu para facer a estrada.

A igrexa parroquial de San Miguel está a catrocentos metros de Pacios, no camiño de Randulfe, nun alto dende o que se domina a exuberante veiga e, ó lonxe, o monte Páramo e os Ancares. No igrexario pódese admirar un dos cruceiros mellores de Galicia esculpido con motivos da Paixón, o Cristo, a Dorosa e unha serpente enrodelada no fuste. Coñécese documentación de mediados do século XIII referida ó templo, que se debeu construír a fins do XII. A ábside é rectangular, o arco toral, sobre pilastra de rica ornamentación, é de gran interese así como os capiteis e a variada decoración de cadros e debuxos xeométricos. A campaña de Nosa Señora, citada por diversos autores como avogosa para as parturientas, fendeu e consérvase na sacristía para ser reparada.

A tradición conta que o templo antigo era capela dos Condes de Lemos. Pasou a ser parroquial tras o abandono da igrexa de Bricheiro (en documentos antigos: Bercheiro) da que existen vestixios. Dise que perdeu a súa condición de lugar sagrado por mor dun crime cometido no seu interior.

A parroquia de San Miguel está ó cargo de don Xosé Ojea Rojo, que tamén atende Suar, San Vicente e Santa Cristina. Ademais da festa de San Miguel, de escasa implantación, o terceiro domingo de Setembro celébrase a festa de Nosa Señora das Dores, de enorme eco en toda a comarca.

Ó deixar Pacios en dirección a Castro de Rei, á esquerda, encóntrase a casa señorial de Abelaira que conserva dous escudos e restos dunha capela. Segundo A. Losada Díaz e E. Seijas Vázquez, en Paradela exerceu xurisdicción don Gabriel Antonio Montenegro e Ron (1675) e tamén foi señora de Paradela dona Josefa Teresa Garza Sarmientos de Araújo. Os mesmos autores afirman que o Conde de Lemos e Marqués de Sarria, don Pedro Fernández de Castro, protector de Cervantes, datou en Paradela a carta dirixida ó poeta Luis de Góngora Argote.

San Lourenzo de Suar (49 habitantes) compónse dos lugares de Celmán, Fixón e Suar. O templo conserva a portada e o arco triunfal románicos con abondosa decoración de rosas cruciformes e capiteis vexetais. As tallas do retábulo son do XVI.

A feligresía de Suar atópase na marxe dereita da estrada na costaneira vertente do río Loio, mesta de carballos, castiros e abeneiros.

Castro de San Mamede (106 habitantes) está á man esquerda da comarcal devandita nun alto, dende o cal óllanse as ribeiras da abrupta depresión do Loio con manchas arbóreas e praderías ideais para a inspiración bucólica.

Da prehistoria do lugar só nos queda a toponimia: Castro e Torre, e escasos achádegos castrexos que se conservan no Museo Provincial de Lugo. Pertencen a Castro de San Mamede: Castro, Higón, Torre e Tremeado. A igrexa foi construída a imitación do gótico e o frontis é

moderno con boas pezas de sillería.

Santabaia (111 habitantes) está formada por As Cepadas, Cereixal, Santabaia, Toexe e Torre de Sandomil. A cinco kilómetros da capitalidade, chégase á igrexa en automóbil por un acceso da estrada Pacios-Aldosende. O templo é de traza rural.

San Facundo de Ribas de Miño, dende hai catro anos, ten acceso dende a dita estrada. Os vinteseis habitantes de San Facundo repártense nos lugares de Abeledo, Adega, Lombao e Santa Marta. A igrexa foi declarada monumento histórico e, ó seu carón, pódense observar as ruínas do antigo priorato cisterciense que dependía de Montederramo (Ourense). Está situada preto do Miño, nunha suave ribeira vinícola. O templo de obra románica, con esculturas do século XVIII e tallas con incrunstracións, está plenamente descoidado.

Nas súas inmediacións, nun amplo castro de largacías panorámicas, atópase a capela de Santa María de Penarredonda, construída en 1708, segundo inscrición do arco toral. Dende o cume do castro óllase a capela do Faro (Chantada) e a de San Marcos (O Páramo). En épocas de seca e mesmo nas de chuvia arreo, os veciños das parroquias próximas sacan en procesión á Santa para, coa súa intercesión, alcanzar a normalización das chuvias. O castro descende abrupto cara o Miño polo norte e cara a ribeira do Trapa polo oeste. No monte da Trapa hai sinais de que se tentou explotar o ferro e existe unha cova con abondosas estalactitas.

Outra capela é a de Santa Marta, edificada en 1960 a raíz da construción da presa de Belesar, que anegou as mellores veigas e viñas da parroquia.

San Martiño de Castro (121 habitantes) chamado tamén San Martiño do Alto, abrangue os lugares de Cabodevila, Esdulfe, Outeiro, Pol, Poste, Regatelo, A Reguenga, San Martiño e Vilarreguenga. A igrexa, sobre ruínas dun castro, como a maioría das igrexas rurais da comarca está rodeada dun adro-cemiterio, ten espadana de dous vanos, frontis de sillería e está cuberta de pizarra e dúas augas. O retábulo é neoclásico do século XIX.

Santiago de Aldosende (294 habitantes) atópase na falda do monte Acebedo (820 metros), na ribeira esquerda do Miño. Terra fértil, componse dos lugares de Aldosende, O Colado, Gondar, Lusorios, Bidul e Vilar. Ata o día 6 de Setembro do 86, data en que morreu de accidente, era párroco de Aldosende don César Campo García, que, ademais, atendía as feligresías de Santabaia, Reiriz e Chave (estas dúas no término de Saviñao) e a capela do Colado. Aldosende está unido á estrada de Pacios por un acceso recente que chega ó núcleo da poboación por unha pronunciada pendente. Na actualidade a parroquia de Aldosende está rexida por Xesús Trigo.

A construción da igrexa é de sillería granítica e o interior está ben atendido. No retábulo maior destaca un Santiago matamouros do século XVIII e Santa Engracia, copatrona da parroquia. O novo cemiterio está arredado da igrexa, no lugar chamado A Rosela. En Aldosende hai dúas tendas de comestibles e un taller mecánico.

Santa María de Castro de Rei, coñecida por Castro de Rei de Lemos, tal vez para distinguila da parroquia de Castro de Rei da Terra Chá, é a máis extensa do concello e ten 931 habitantes. Está formada polos lugares de Abelleiroá, Acebedo, Bacorelle, Bariz, Barreiras, As Bustaregas, O Bidueiro, Carballo, Carballosa, Chaos, Cereixo, Edrada, A Enxamea, O Espiño, Feás, Ferreira, Foilebar, Folgar, A Mámoa, A Matanza, O Mazo, Mide, Mosteirovello, Paredes de Baixo, Paredes de Riba, A Parrocha, Penacorveira, Pereiro, Portocarreira, Preselas, Rañadoiro, Sacadoiro, San Martiño, Seara, Uceira Branca, Val do Couto, Valmigallo, Vilachá e Zouro.

A parroquia de Castro de Rei limita con Saviñao e Bóveda. É unha comarca montañosa, con pequenas veigas na orixe do Loio e nas vertentes de San Lourenzo, moi concorridas por enfermos que sanaban as doenzas da pel ó contacto coas augas fluviais de virtudes curativas, segundo a tradición.

A Pena Ventureira, A Puchiña e o alto de Combeiro son os cumes maiores da parroquia. Mosteirovello con alumado público e acceso ó campo da feira, é a capitalidade da feligresía. Do antigo cenobio, que dependeu de Carracedo, no Bierzo, e de Montederramo durante a desamortización de Mendizábal, só nos queda o topónimo e algúns vestixos na igrexa emprazada a un kilómetro do lugar.

O templo que foi queimado o ano 36, conserva a ábside e dous ventanais románicos. Tres veciños de Portocarreira están ó cargo dunha cruz procesional de prata do ano 1730, de gran valor artístico, semellante á que se conserva en Vilaragunte.

Hai capelas en Cereixedo (imaxe de Nosa Señora das Neves, do século XIV); Feás (San Roque); O Mazo (tallas do século XVI); Paredes de Baixo; O Pereiro e en San Martiño, que conserva unha talla románica de San Xoán e está baixo a advocación da Inmaculada.

Na parroquia de Castro de Rei abundan os topónimos como "modorra" e "mámoa", de orixe prehistórico. Na actualidade a agricultura, antes rutinaria, está a modernizarse e xa existen explotacións agropecuarias de importancia.

Castro de Rei celebra importantes feiras o día 3 de cada mes e o primeiro domingo de outubro é moi concurrida a festa do Rosario. O centro comercial da parroquia é Mosteirovello, con tres tendas de comestibles, tres bares, un ferreiro, un xastre con negocio de tecidos e un comercio de material para construción. Tamén ten servizo de "taxi" e cartería. Con escasos servizos ata hai pouco, no último quinquenio Castro de Rei conseguiu unha importante rede de estradas e de

accesos coa axuda da Deputación e do Concello, pero non hai que esquecer o afán de superación dos veciños e o seu esforzo persoal que se verá compensado en canto se aproben as subvencións para o rego asfáltico das importantes vías ás que facemos referencia noutro capítulo.

ADMINISTRACIÓN RELIXIOSA

Dezaseis parroquias e anexos do Concello están ó cargo de seis cregos, algúns dos cales, administran, ademais, outras feligresías de concellos colindantes: Xosé Ojea Rojo (San Miguel con Suar e San Vicente con Santa Cristina); Xoán González López (Vilaragunte con Andreade e con Castro de San Mamede); Xesús Trigo (Santabaia e Aldosende); Ovidio Portomeñe Vázquez (As Cortes e San Facundo con San Martiño); Antonio Pérez Díaz (Ferreiros e A Laxe con Francos) e Xosé Busto Busto (Castro de Rei). Dúas parroquias (San Pedro de Barán e San Xoán de Loio) están administradas por Antonio Fernández e Antonio López Vázquez, dos concellos veciños de Sarria e Portomarín respectivamente.

XENTES DE PARADELA

O DENTISTA DE ALDOSENDE

Un dos homes máis coñecidos de Paradela é Eliseo López González. Natural de Gondal (setembre de 1908), da parroquia de Aldosende, o dentista de Aldosende exerceu practicamente toda a vida como tal, pero sen título, razón pola cal tivo problemas cada pouco.

Adeprendeu o oficio en Chantada a carón dos sobriños de D. Xoán de Forcados, Camilo, que tiña unha clínica en Santiago e que máis tarde morrería de accidente preto de Lugo sendo dentista en Madrid, e Juanito, que exercía en Chantada.

Durante a guerra adquiriu gran experiencia práctica durante os 21 meses que estivo ó cargo da enfermería militar de León onde conseguiu un título de practicante extendido pola comandancia militar.

"Empecei a traballar pola miña conta dende moi novo e tiven moitos contratemplos -afirma- porque andivéronme seguindo sempre. Ata hai cinco ou seis anos nunca me deixaron tranquilo. Os dentistas que máis me tiraron foron os de Lugo. Os de Sarria non se ocuparon de nada. Os luns e os xoves traballaba en Lugo; os domingos en Portomarín e os demais días en Aldosende. Tamén estiven unha boa tempada facendo consultas en Cabo de Vila e en Loio".

Son contiosas as anécdotas que conta o amigo Eliseo. En Lugo, para non ser sorprendido, as visitas acudían ó piso dunha filla súa, que era costureira, e, por turno, de dous en dous, íanse desprazando a outro lugar próximo onde el facía as extraccións. En certa ocasión o dentista Luis Alfonso denunciouno e ó chegar a Guardia Civil ó piso atopouse con que as persoas que alí estaban manifestaron que ían para facerse roupa. Outra vez, en Cabo de Vila, por un día nove, feira en Portomarín, tiña sesenta persoas agardando turno. Chegoulle aviso de que o ían sorprenden e mandou á xente que marcharan e fixeran como que ían á feira. El fuxiu por tras da casa. Un dos gardias, amigo del, viuno. "Para que eu tivera tempo de fuxir -dinos cunha gargallada que nos amosra a súa dentadura case toda de ouro- entretívose facéndolle preguntas a unha cliente de Vileiriz ¿non sabes?".

En Loio non tivo tanta sorte. Collérono en pleno traballo e decomisáronlle canto material e ferramenta tiña para depositalo no Xuzgado de Sarria. El non se opuxo e, logo, falando cos gardias, díxolle un: "para que o carro cante hai que untarlle as troitoiras". O dentista comprendeu a lección e valeuse dun amigo para substituír o material que lle decomisaran por outro ruín e vello. "Aínda está depositado alí -dinos- e cando anunciaron que ían subastalo, non me presenteí. ¿Para que quería eu aqueles ferraganchos oxidados?".

O meu compañeiro Andrade preguntoulle se tiña de man algún médico para o caso de se lle presentar calquera complicación debida a hemorraxia ou infección a algún dos seus doentes e maniféstanos: "A min non me facía falla porque eu son consciente do que fago e, ademais, tiña medicamentos apropiados que me conseguía un viaxante de Vigo. Un dentista de Sarria quixo asociarse comigo, pero eu non tiña necesidade de repartir con ninguén. Traballaba -engade- en toda clase de bocas, facía empastes, poñía pontes, paladares, esqueléticos, todo. Sempre tiveron moita sorte e nunca tiveron problemas. Penso que fixen un bo labor social porque traballaba á metade de precio e a min tamén me compensaba ¿entende?. Inda hoxe están chegando coches tódolos días aquí e a Dolores, miña dona, dilles: pódense marchar que agora non fai nada".

Hai máis de cincuenta anos, os propios anos da casa onde traballaba, denunciárono. Salvou porque os gardias sufriron un accidente e foron ingresados nun hospital. Unha denuncia desagradable, pero a que máis lle doeu durante a súa longa traxectoria de actuación como dentista foi a que lle puxo un veciño de Mosteiro, de Lousada. "Lémbrome ben. A finais da década dos cincuenta, os dentistas de Lugo valéronse del e pagáronlle para que me denunciara. Pero eu tiña un comisario amigo e movínme. ¿Sabes como se arranxou? Con cartos. O tal individuo, diante do xuíz, afirmou que non me coñecía e arreglouse todo pero el cobrou a dous xeitos. A denuncia aquela foi a que máis me amolou na miña carreira".

Sen embargo, tivo grandes satisfaccións ó longo dos anos. "Fixen extraccións de raíces -explícanos- a clientes que viñeron onda min despois de ter sido mal curados por dentistas titulados

e houbo quen veu aquí para que lle puxera unha nova dentadura ó non aturar a que lle fixeran en Lugo e quedou satisfeito co meu traballo.

Mais o noso biografiado non é famoso soamente pola profesión de dentista. Segundo propia confesión, fixo operacións quirúrxicas. "Un rapaz de aquí tiña un quiste na testa e o médico que o operou díxolle que lle podía facer as curas eu mesmo. En canto lle saquei as vendas, advertinlle: dentro de catro días terás o bulto meirande do que hoxe. Voucho quitar eu e non che vou cobrar nada porque es pobre. Púxenlle unha indición das que empregaba para extraer as moas, volvinlle a abrir a ferida e cunhas pinzas e un bisturí saqueille a cláusula toda e amostreilla. Inda hoxe, cando me ve por Lugo, onde ten un taller, lembra agradecido a miña intervención".

"Noutra ocasión -cóntanos- un home andaba coa perna tesa por mor dun anaco de aceiro de cuña que se lle espetara na pantorrilla e díxenlle: se me deixas, miro de quitarcho eu. ¡Si, ho! contestou. O cacho de aceiro estaba incrustado moi internamente e, co bisturí, abrí polo outro lado. Metín a pinza e quiteillo. O home quedou encantado".

Eliseo López González síntese plenamente satisfeito do comportamento dos seus veciños. En Aldosende só tivo un pequeno contratempo. O Piloto, acompañado por outros dous compañeiros, matou ó Albino da casa de López e ó seu irmán de Reiriz. Un capitán da Guardia Civil desprazado a Aldosende para investigar o crime, chamouno para que declarara se el coñecía ó Piloto. "Pola miña casa pasou tanta xente -contestoulle- que non podo afirmar nin negar se o vin nalgunha ocasión". E o alférez que estaba destinado no lugar, díxolle ó capitán. "Eliseo é a mellor persoa do lugar". Foi a única vez que se lle presentou un problema no seu pobo.

Experto cazador de perdiz e gran aficionado á pesca, é un namorado da súa terra. "Esta parroquia -dinos- estaba considerada o cabo do mundo porque non había carreteras. Tiña que ser atrasada, claro; pero cos medios de comunicación progresou moito, pois é unha bisbarra moi vizosa e rica. Nela vivo agusto porque aquí naceron as miñas fillas e porque son querido por tódolos veciños. Vivo feliz coa miña dona, que non me deixa mover unha palla dende que se me declarou unha epatite crónica, e o meu santo é disfrutar desta fermosa paisaxe e ver como prospera o pobo coas aportacións dos emigrantes que voltan ás súas casas.

DOR POLO O DENTISTA DE ALDOSENDE

Nunha tarde invernall pola estación, pero de primavera, se nos atemos ás vizosas leiras que esbaran mainas ata o Miño, maravillosa paisaxe que tanto admiraba e que tanto pisou Eliseo López González, unha multitude nunca vista en Aldosende despediu ó amigo.

Xentes de Paradela, O Saviñao, Portomarín, Guntín, Taboada, O Páramo, Sarria e Lugo

acudiron espontáneamente en estreita irmandade á casa do "Dentista de Aldosende" para darlle o derradeiro adeus. Unha despedida sentida. Un ata a eternidade, amigo Eliseo, que tanto traballaches -Portomarín, Loio, Cabo de Vila, Lugo, Adegas dos Penedos, Aldosende- e que sufriches tanta persecución polo feito de librares de doenzas a xentes que "sanaban -como dixo o teu amigo Xesús Mato- co só feito de se achegaren á túa visita".

Non acadaches en vida o título oficial de "dentista" nen o de "practicante"; pero hoxe otorgoucho o pobo, o pobo non se equivoca, coa manifestación masiva de agradecemento ó teu labor sacrificado pero sempre alegre.

CONVERSA CON XULIO VARELA DE LOIO

A parroquia de San Xoán de Loio é a máis pequena de Paradela en territorio e habitantes. A maior parte das súas terras asulagounas o embalse de Belesar. Antes tiña catorce casas e hoxe tan só ten nove, das cales, dúas están pechadas. Ten trinta habitantes e exténdese ó longo da carretera Portomarín-Sarria, dende Cruz de Pedra ata as costas de Verdadeiras, pasando por Casa Serrano, onde hai un taller de mecánica e o "Mesón de Loio". Pasada a ponte, atópase outro establecemento adicado á gastronomía: o "Restaurante Río Loio". Cando o embalse está cheo, a extensa veiga, noutrora rica e fértil, convírtese nun fermoso lago cunha cativa ínsua na que se proxectou crear, sen resultado, un complexo náutico deportivo. No tempo da seca dá mágoa ollar o val onde se asentaba a aldea. "Quizais que non houbera naqueles tempos outra mellor -dinos Xulio Varela Rodríguez- pois colleitábase toda clase de froita, bo viño e produtos hortícolas. Tamén tiñamos excelente pesca, pero agora desmellorouse toda. Sigo dicindo -engade- que se o pobo vello existira, tal e como evolucionou o agro en xeral, hoxe viviamos moito mellor".

Xulio Varela é o dono do "Mesón do Loio", moderno e con capacidade para dous centos comensais. Naceu en Regatelo, parroquia de San Martiño, o mes de xaneiro do ano 31. Noveno de dez irmáns, traballou de zoqueiro, zapateiro, barbeiro e foi músico. "O oficio de zoqueiro aprendino -cóntanos- a conta miña. Cando ía coas vacas levaba unha macheta e aproveitaba o tempo para esmaltar os paus e, na casa, remataba os zocos coas ferramentas axeitadas : a trinchá, a gubia e cunha alegre (navalla barbeira volteada) que se empregaba para facer o asento para o pe. Os zocos usábanse moito ¿quen poñía zapatos daquela?. Lembro que me pagaban o par a 15 pesetas. Para traballar a diario, no campo non hai calzado mellor. O zoco resérvase máis da humidade có zapato, e ben engrexado, a auga bórrelle. A madeira debe ser de bídalo porque é máis quente, pero só dura un ano porque despois enfría. Cando se pincha un bídalo hai que lle picar a casca para que cure, senón, a madeira tórnase da cor marrón e non sirve".

O Xulio tamén foi zapateiro e barbeiro, como xa dixemos, seguindo unha tradición familiar que durou 27 anos. A razón de ser músico debeuse a que, cando voltou do Campamento de Parga, un irmán seu que tocaba o bombo na banda de Barrido e era xastre, emigrou a Madrid e pedíronlle que o reemprazara. Estudiu música cos irmáns Cándido e Hermín López Vila e actuou na banda dende o 53 ata o 61 en que se desfixo porque a maioría dos compañeiros emigraron a Suíza e Venezuela e non volveu a tocar ata o 81 que ingresou na banda de Sarria. "Hai dous anos -dinos- deixei a música pero, ó crearse a Banda de Paradela, volvíñ ós platillos e ó bombo. Non polo que rentúe. É unha afición coma outra calquera. Se tes alegrías, a música dache máis; se tes penas, córtanse".

Practicamente tódolos veciños de San Xoán de Loio víronse na necesidade de emigrar cando as augas anegaron as súas veigas o ano 1962. O Xulio xa se establecera de barbeiro dous anos antes en Portomarín, pero ó casar con Lourdes Rivera, da casa Serrano de Loio, decidiu abrir unha tenda de ultramarinos, abonos e pensos no lugar onde hoxe rexenta o mesón. A vocación da familia Varela-Rivera pola gastronomía foi pura casualidade. "Un bo día -explícanos o amigo Xulio- uns camioneiros pedíronnos se lles preparabamos uns coellos á cazola. A miña dona accedeu e agradoulles tanto o xantar que fixéronse clientes. Así foi como concebimos a idea desta industria aproveitando a situación turística do lugar".

Pai de dous fillos, Xaime, casado con Teresa, e Xulio, estudante de B.U.P., síntese satisfeito coa súa empresa familiar, pero tocoulle vivir longos anos con moitos sacrificios. "Traballei no campo -recorda feliz de ter superado contiosas privacións- e andiven a soldo porque tiña que vestir e comer. O meu pai morreu cando eu tiña 14 anos ¿como lle ía pedir á nai cartos para complacer as miñas necesidades? A min nunca me pasou de moda ningunha roupa, como din agora os novos. ¿Que o negocio é rentable? Menos durmir todo o día, non hai cousa que non sexa rentable. Fixen moitas cousas. Sempre aproveitei o tempo. De pequeno, por exemplo, cando ía coas vacas cortaba gromos de bimias que logo cocía para que deran a casca. Despois pelábaas e facía cestas de compra con tapadeira ou empallaba garrafóns e botellas que, embarnizadas, vendíanse moi ben. Hoxe a xuventude atopouno todo feito e só cavila na diversión, pero isto ten que acabarse".

Ademais do churrasco, a especialidade de Mesón do Loio é a anguía. "Non se pode comparar -afirma- a de agora coa de antes. Mentres as augas están frescas, aínda; pero, ó estar paradas, as anguías xa non se poden servír a nadie. Ó vir a calor ponse a auga verde e os peixes póñense completamente amarelos e saben a lodo. ICONA sementou troitas e angulas e xa se empeza a coller algunha de cinco kilos. Só se poden pescar a cana e deben medir 18 cms. como mínimo. Eu mércoas onde podo. As anguías nacen no mar e viven co sino de morrer alá. Nas lodadas é cando se moven e na presa de Belesar pasan polas turbinas, que lle rompen o espiñazo e

os pescadores cóllenas vivas. Algúns días sacan ata cen kilos. Hai outras, delgadiñas, que veñen das rías e que eu chamo "anguías de rabaño". Veñen cheas de gambas e métoas nun depósito-viveiro introducido no río e ó cabo duns días melloran, incluso cambian de cor".

DON ÁNSEL FOLE EN PARADELA

Con Fole tiñamos pasado por Paradelas en varias ocasións sen demorarnos. El soamente estivera unha hora en Pacios no ano 36 para asistir a un mitin galeguista, cando era secretario do Partido por Lugo e tiña desexos de coñecer a realidade actual do Concello administrado por unha Corporación maioritaria de Coalición Galega.

Tras o breve e agradable paseo de trinta e catro kilómetros que separan Lugo da capitalidade de Paradelas, na "Casa Serafín", de Pacios, falamos demoradamente con Antonio Losada e co alcalde Xosé Manuel Mato. Don Ansel expuxo a súa teoría etimolóxica sobre "Losada", que o Antonio seguiu con gran interese; o Xosé Manuel enumerou realizacións e proxectos do Concello; falouse de política e de horrendos recordos da guerra, que, pouco despois, na tenda do Teodoro, en Mosteirovello, trataríanse en profundidade ó recordar o "Garavito", o "Bombas", o "Elías", o "Piloto" e tantos outros.

"No cuartel -dixo Fole cando Benxamín Andrade afirmou que o "Piloto" nunca fora tal "piloto"- ocorren as cousas máis raras. Sendo eu recluta -engadiu-, tiñan mester dun cabo e nomeáronme a min sen máis".

Don Ansel, que foi o número un na Escola de Guerra de Lugo, surriu, pousou a copa e continuou:

"Voulles contar e despois xuzguen vostedes: Xa saben que o día anterior a facer "guardia" toca "imaxinaria". Eu pregunteille ó meu superior qué quería dicir "servicio de imaxinaria" e contestou: "que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente".

O académico fixo unha pausa e, erguendo a man cun xesto denunciador, dixo: "Pásmense vostedes. O oficial non sabía que o exército romano tiña uns milites chamados "servicio de imaxinaria", que eran os encargados de alimentar as luces de aceite para alumear as imaxes que presidían as centurias e as lexións".

De volta cara Lugo, ó pasar por "Campo Castillo", explicou que alí a carón, viviu co seu pai don Reinaldo e coa súa irmá Rosa nunha casa do XVIII, que fora do conde Moscoso de Lugo. "Era unha casa señorial -dixo- con capela, unha tulla enorme para recibir as rentas e unha chimenea de catro pilares. Tiñamos -engadiu- un gato e un malvís que cantaba moi ben. Trouxéao o meu pai de Quiroga. Sucedeu que o gato comeu o malvís e o meu pai, moi afeccionado el á caza,

despachoulle un tiro e o gato saltou polo aire caendo morto redondo. Vino saltar perfectamente. É unha anécdota que me quedou grabada. Tería eu tres anos".

Don Anxel, ¿non lle agradaría escribir as súas memorias? -pregunteille.

-Non porque, con tantos anos, fatígame moito escribir. Antes, a necesidade de escribir era imperiosa en min, e moi constante. Chegou un momento que me gustaba máis escribir ca ler. Hoxe esa necesidade xa desapareceu, aínda que de vez en cando escribo algúns artigos.

Teño lido moitos e fermosos poemas seus en libros e revistas e penso que deberíanse publicar. Tal foi a razón de que lle preguntase se tiña cavilado algunha vez na posibilidade de editar unha escolma de poemas, e respostou:

"Desexo facelo porque teño máis de trinta e cinco publicados. Agradaríame recollelos nun libríño. Algúns están en galego e aínda teño cinco ou seis inéditos gardados en carpetas que mirarei de atopar. Xa verei quen os pode editar. A poesía dá pouco traballo porque o texto é moito máis curto có da prosa e a composición é doada.

Do libro VIAXES CON ANXEL FOLE, (Edicións do Castro-Sada-A Coruña, 1988), de Manuel Rodríguez López.

DEZ ANOS DE XESTIÓN MUNICIPAL

En Paradela cada ano atopámonos con realizacións que nos fan sentir orgullosos do espertar e da vitalidade dos eidos que tripamos de nenos ou na xuventude. A transformación encetouse hai tres décadas, pero ultimamente o progreso da nosa terra colle cada vez maiores folgos. A Paradela de comezos do 60 é diferente por enteiro da de 1989. Avanzou no material sen perder o engado bucólico e o espírito aberto e familiar -valores raciais de Galicia- que non minguaron e seguen a ser un conforto para os que nacemos nesta bisbarra vizosa regada polos ríos Miño, Loio e Trapa.

CONCELLO DE PARADELA

Xosé Manuel Mato Díaz, de 35 anos, casado e pai de dous nenos, dende 1979 preside a Corporación Municipal. No intre de toma de posesión era un dos alcaldes máis novos de Galicia. Con el mantiven varias entrevistas, e unha veces sós, outras co amigo Villarabid ou co académico Anxel Fole e con Benxamín Andrade, recorreremos as dezaoto parroquias do concello para constatar realidades e proxectos. O Xosé Manuel é un afervoadado do seu pobo e ten enormes

desexos de conseguir realización. Afiliado a UCD, acadou a maioría absoluta nas primeiras eleccións democráticas e, catro anos máis tarde, tras a desfeita do partido de Adolfo Suárez, foi reelegido co voto casi unánime pola lista de Coalición Galega nos comicios de 1983 e 1987. Incansable á hora de martelar nas portas da Administración, esixe dereitos, subencións, axudas. O seu fin é alcanzar o benestar económico e social da colectividade que preside. Os resultados, nun breve periodo de dez anos, son palpables gracias ó seu labor e á colaboración das xentes de Paradela.

NOVAS REALIZACIÓNS E CENTRO COMERCIAL

Nestes dous últimos lustros, Pacios conseguiu o alumado público, urbanizouse o Campo da Feira e fíxose o novo edificio da Cámara Agraria. Rematouse a Casa Consistorial e logrouse a ansiada traída de augas despois de superar moitos atrancos e duros traballos no lugar de Lameiros, en Santa Cristina. No solar adquirido pola anterior Corporación, presidida por Manuel Pallares, ergueuse o grupo escolar "San Miguel", que dirixe Florentino González Pérez. Nel reciben ensino uns 300 alumnos de E.X.B., que son recollidos por un servizo de autocares nos seus lugares de orixe, agás os de As Cortes que estudian en Portomarín. No curso 1986 o Grupo Escolar ampliouse con dúas novas unidades de preescolar. No terreo deportivo creouse a Sociedade Deportiva Paradela que milita en Segunda Rexional, e, no eido cultural, creouse a Banda de Paradela, a Escola de Música e o escudo heráldico do Concello. Na actualidade estase a rematar un polideportivo, un centro de saúde, o equipamento da Asociación Cultural "O Barrido" e a rehabilitación da escola de Ferreiros, como albergue de peregrinos e centro social.

En Pacios celébrase a Feira do Quince, de gran importancia na comarca. Hai dous supermercados, varios comercios de ultramarinos, dous de materiais para a construción, tres ferreterías, tres talleres mecánicos, tres almacéns, unha empresa de transporte, catro taxis, ambulancia municipal, servizo de Correos, Caixa de Aforros, dúas oficinas bancarias, catro comercios de tecidos, unha carpintería, dous fornos de pan, catro casas de comida, varios bares, xastrería, carnicería, dúas zapaterías, farmacia, relojería, droguería e dúas peluquerías. Pacios está comunicado con Lugo e Sarria por tres servizos diarios de coche de liña en ámbalas direccións. Tamén conta con servizo dun veterinario que recorre a diario a Rede de Centros de Inseminación Artificial de Aldosende, Bariz, Foilebar, Mosteirovello, Andreade, Francos, Loio, Sandomil e San Vicente. Hai un teléfono público e preto dun centenar de particulares. Un dos proxectos máis importantes da actual Corporación, practicamente rematado, é a urbanización da travesía de Pacios que presentará un amplo de 15 metros.

ESTRADAS E SANEAMENTO RURAL

Don Manuel Amor Meilán no libro "Geografía del Reino de Galicia" lamentábase de que Paradela non tiña máis vías de comunicacións que un camiño de ferradura de 16 kilómetros que unía Pacios con Sarria e denunciaba que, cunha poboación de 5269 habitantes, segundo un censo de 1910, soamente recibían ensino primario 120 nenos e nenas nas escolas nacionais da capitalidade. Hoxe a realidade é moi outra. Solucionouse o problema escolar e, tocante ás estradas, quitando as comarcais Becerreá-Ventas de Narón, Pacios-Castro de Rei, Pacios-Aldosende e Pacios-Trebolle, nestes dez últimos anos fixéronse moitas outras así como varios camiños vecinais e numerosos accesos.

Dentro dos plans provinciais de comunicacións, asfaltáronse os 16 kilómetros Pacios-Aldosende e o tramo Pacios-Castrelo da carretera que segue ata O Páramo. Construíuse a de Pereiro (Castro de Rei)-Paredes de Abaixo-O Espiño, que enlaza coa de Bóveda. Outra importante vía de comunicación é a que une Mosteirovello-San Martiño-Carballosa-Vilabuxán e empata coa de Rubián. Tamén se abriron as de Cexedo-Zouro-Matanza; a de Foilebar-Lusoiros, pasando por Bariz; as de Cortes a Portomarín; Campo-Toexe a San Facundo; Eirexe de San Vicente ó límite do Saviñao; Rozas, por Pena, a Fruxinde; Castro a Torre de Sandomil-Esdulfe; Pereiro a Bacorelle; Casanova a Vilachá (Castro de Rei); Cercedo a Zouro, e, a de Matanza ó límite con Bóveda, ademais de varias pistas.

O número de accesos construídos, moitos deles en colaboración cos veciños, pasan de cen. Antes dun ano estará todo asfaltado. No eido de saneamentos de núcleos rurais, hai que suliñar importantes obras de pavimentación no 95% das aldeas, destacando o alcantarillado de Aldosende, que ademais conta cunha depuradora de augas. En canto á reelectrificación o Concello de Paradela leva investidos nestes últimos anos 350 millóns de pesetas conseguidos a través de subvencións, convenios con FENOSA, IRYDA e coa Xunta de Galicia. No capítulo referido á rede telefónica, amáis dos de Pacios, hai teléfonos públicos de servizos (T.P.S.) en Mosteirovello, Bariz, Andreade, Muimentos, San Vicente, Aldosende e San Pedro de Barán, estando a punto de funcionar os de Ferreiros, Güián, Santabaia, Portocarreira, Pena, Cexedo, Outeiro de San Martiño e Cortiñas. Queremos resaltar tamén que se creou unha zona urbana en Castro de Rei coa colocación duns 20 teléfonos e, a finais deste ano, crearase a zona urbana de Aldosende.

Coma proba do gran labor que se está a facer no Concello de Paradela, segundo o Informe de Xestión Municipal presentado polo alcalde Xosé Manuel Mato Díaz, ó longo dos primeiros 24 meses do seu terceiro mandato, as inversións ascenden a 735.060.125 pesetas.

A BANDA DE PARADELA (ANTIGA BANDA DE BARRIDO)

Un dos logros culturais máis recentes de Paradela foi a recreación da Banda de Paradela, sucesora da Banda de Barrido, fundada polo mestre O Bolo no ano 1873.

Esta desapareceu o ano 1962 ó emigraren a Suíza vinte dos seus compoñentes, entre eles, o baixo Cándido López López que, de volta á terra natal, foi un dos propulsores da reorganización da Banda actual hai dous anos. O Cándido, natural de Eirexe-San Vicente (20/1/24), tras vinte anos de residir como emigrante en Basel, onde foi fundador e presidente do Club Deportivo Lucense, regresou a Paradela asentándose en Pacios. Ademais da adicación á Banda, imparte clases de música a rapaces do Concello e tamén en Currelos.

-A parte do mestre O Bolo ¿que outros directores poderíamos considerar de valía no historial da Banda de Barrido?

-O señor Pedro de Barrido e Pedro de Castro, que eran primos; o señor Xoán de Ríos, o Luis de Bidueira de San Vicente... pero a época mellor foi dende 1950 ata 1962 en que se "desfixo". Tivemos como director a Ramiro Rodríguez de Castro, que emigrou a Arxentina e agora vive en Lugo. El era fillo doutro gran mestre chamado tamén Ramiro que fora músico en New York e foi fusilado ó pouco de empezar a guerra. O marchar a Arxentina o Ramiro, substituíuno o seu irmán, Eliseo, que aínda vive en Venezuela. O último director foi o Alfredo de Higón. O actual é Enrique Fernández de Baralla, que xa estivera con nós uns meses no ano 1952.

-Fálenos da actual Banda de Paradela.

-Cinco dos compoñentes da antiga Banda de Barrido, ó voltarmos de Suíza, creamos a Banda de Paradela, que se presentou ó público en Vilacaíz o día de Corpus de 1987. Agora xa temos trinta músicos. O porvir é bó pois nunca houbo en Paradela Banda coma ela. Xa actuamos en Lalín, Chantada, Póboa de Brollón, Escairón, Lugo, León, Ourense... e os contratos van cada vez a máis.

-A mocidade ¿sente interese pola música?

-Moito, e proba diso é a Escola de Música administrada pola Asociación Cultural "O Barrido", dirixida por un patronato que foi presidido polo secretario do Concello, Celestino Amigo Liñares, e que na actualidade, dirixe Xosé López (Delle). Ten o local social na antiga escola municipal. Esta sostense coas cuotas de douscentos socios e coa aportación do Concello que no pasado ano colaborou con 250.000 pesetas. Na actualidade, temos doce rapaces e rapazas moi preparados e con instrumentos propios e a máis de vinte aprendices. Tamén temos outra escola en Currelos (O Saviñao). En ambas dúas impartimos clases Pedro Rodríguez, Marisol e máis eu.

-¿Con que medios conta a Banda para o seu mantemento?

-O fundamental é a afección e entrega dos propios membros, pois nós mesmos mercamos

os instrumentos, todos eles das mellores marcas. O instrumental completo custou máis de 6.000.000 de pesetas. O requinto, por exemplo, custa 300.000 pesetas; e o baixo 345.000 pesetas. Os uniformes, que tamén pagamos nós, saíron por 30.000 pesetas. Sen embargo a Banda sostense porque temos moitos contratos e contamos coa axuda do Concello, que acaba de mercarnos dous fiscarnios.

MARUXA PÉREZ FERNÁNDEZ

Maruxa Pérez Fernández, tesoreira da Sociedade Deportiva Paradela é unha entusiasta do fútbol e o auténtico motor do noso clube dende hai seis anos. Ela é unha das maiores animadoras do Paradela. Tamén gusta de se desplazar a Lugo, A Coruña e Vigo para ver competicións de categorías superiores.

-¿Por que esa afección polo Paradela?

-Eu son nativa de Paradela e moi afeccionada ó fútbol que é unha actividade deportiva moi importante para calquera poboación, pois serve para manter relacións con outros pobos e mesmo para darse a coñecer. Figúrate que estivésemos nunha categoría superior. Paradela sería moito máis coñecida e iso sería bo ata para o turismo desta comarca.

-¿Cando se fundou a Sociedade Deportiva Paradela?

-Na temporada 81/82, coa categoría de Segunda Rexional, grupo no que seguimos actualmente.

-¿Hai moitos xogadores nativos do Concello?

-Normalmente aquí temos unha boa canteira de xogadores, aínda que por veces recorremos a fichaxes de xogadores nos concellos veciños.

-¿Que opinas das instalacións deportivas?

-Tanto os vestuarios como as gradas, o cerre do campo e o bar, podemos considerar que están ben. O que pretendemos agora é mellorar o estado do terreo de xogo e conseguir o alumado artificial.

-¿Como vos foi esta temporada?

-Quedamos clasificados en 7º lugar coma o ano pasado, pero considerando que se fixo un novo equipo adestrado por Antonio Arias "Costas", de Mosteiro Vello, coido que de cara á próxima competición teremos unha plantilla máis conxuntada. A máis da súa calidade deportiva, xogadores e directivos constitúen unha auténtica familia, feito importantísimo para acadar o éxito deportivo-cultural.

-¿Con que medios se finanza o equipo?

-A parte dos ordinarios, comúns a tódolos equipos, valémonos de aportacións de socios, donativos e ingresos en concepto de taquillas, etc. Tamén contamos cunha aportación municipal fixa de 200.000 pesetas, ademais doutras ocasionais que nos transfire a mesma institución.

-¿Quen foron os fundadores do clube?

-A creación da Sociedade Deportiva Paradela foi iniciativa de Xosé Manuel Mato Díaz, que continúa sendo o presidente. Outros socios fundadores son: os irmáns Luis e Manuel López Vázquez, Camilo González Pérez, Manuel López López, os irmáns Ovidio e Modesto Vázquez López e Xosé Xavier González de la Vega.

A Sociedade Deportiva Paradela é unha auténtica familia composta por directivos, socios e xogadores. Unha entidade representativa do noso Concello á que desexamos os maiores éxitos.

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, POETA DE PARADELA

PARADELA (1)

¡Que verde e agarimosa a terra miña,
que poética na noite,
que algareira e riseira polo día!

Cando se viste o ceo de mouras tebras
saen grilos troveiros
para cantar á lúa voandeira.

Cando esperta o sol, roxo ca ledicia
ó ver eidos galegos,
choutan paxaros riba das floriñas.

¡Que verde e agarimosa a terra miña,
que poética na noite,
que algareira e riseira polo día!

Por iso, cando Apolo torna ó seo
do mar enfurecido,

tanto sofre que tórnase marelo.

(1) Do libro POEMAS POPULARES GALEGOS, (Ed. Celta-Lugo, 1968), de Manuel Rodríguez López.

A FESTA DE SAN MIGUEL (1)

Estoupan os foguetes polo ceo,
a música enche tódolos recantos,
saen en procesión da igrexa os santos
e o camiño, afervoadado, avanta cheo.

A mocidade enceta un parrafeio,
a vila esquece un intre dor e prantos,
da caste celta óense enxebres cantos,
aturuxos e o gaitero garuleo.

O Cruceiro, enfeitado con bandeiras,
preside a festa do Patrón do pobo
e bendice ós paisáns e as sementeiras.

Non é penedo amorfo, morto ou cego;
é o compañeiro fiel, sempre novo,
fillo do inxenio do solar galego!

(1) Do libro SAUDADE NO BULLEIRO, (Ed. Celta-Lugo, 1970), de Manuel Rodríguez López.

CANTIGA Ó CARBALLO (1)

Oh frondoso carballo sombrizo

que por séculos deches aveños,
agarimo e quentura ó labrego,
¡alumea o meu probe cantar!

Amodiño queimándose os cepos
o teu lume na anterga lareira
consolou os meniños e vellas
coa sagrada fogueira ancestral.

E nas mans do artesán do meu pobo
eres carro, eres grade e arado;
eres mango de sacha e machado,
faste cuba pra o viño gardar.

Longos anos ti fuches, carballo
o conforto das nosas aldeas;
a Galicia contigo está en débeda,
¡patriarca de cerna inmortal!

(1) Do libro SOLDADA MINIMA, (Edicións do Castro-Sada-A Coruña, 1979), de Manuel Rodríguez López.

O MUIÑO DA FERVEDOIRA (1)

Esquecido no fondo dunha rega,
esborrállase o muiño fariñeiro
tradado pola couza no farneiro,
na buxa, na peneira, na moega.

Xa non se lembra da última fanega
de molaxe trocada en pan albeiro,
nin a frescura sente do regueiro

que á sús beira rápido escorrega.

Non deixa a mesta fraga ve-lo ceo
nin o solpor nin a brillante aurora
e, por veces, ecoa un longo ouveo.

O seu monótono treinar, noutrora,
invitaba a ruar e ó parrafeo
¡Que só e abandonado fica agora!

(1) Do libro ONTE E HOXE VIVENCIAL, (Edicións do Castro-Sada-A Coruña, 1995), de Manuel Rodríguez López.

VELLAS TRADICIÓN

A CAMPAÑA DE NOSA SEÑORA

Xa dixen que Paradela está no Camiño Francés ó Sepulcro do Apóstol. Eu coído que o nome venlle de que, nesta bisbarra, os romeiros tomaban un pequeno descanso no seu peregrinar antes de facer noite en Portomarín.

Pois ben: por mor do ir e vir xacobeo, Paradela ten raiceiras relixiosas moi profundas e, aínda non hai moitos anos, as campás eran o medio de comunicación para convocar os feligreses ós rezos. É curiosa a virtude da campaña de Nosa Señora que estaba no máis alto do campanario de San Miguel e tiña un so finísimo que se oía de moi lonxe.

Cando unha muller era receosa para dar a luz, o campaneiro tanxía a campaña e os labregos, aínda que andiveran traballando no agro, púñanse de xeonllos a pregar á Virxe para que a valera no parto. ¡Era un remedio santo!

¿Como veu dar a San Miguel?

Contoume a miña aboa, a señora Concha de Randulfe, que nunha ocasión caeu na poza de Pías un boi e, cando saíu fóra sano e salvo apareceu coa campaña pendurada nun corno cun letreiro que decía: "Campaña de Nosa Señora".

O crego levouna a San Miguel e colgouna no cimo da espadana de xeito que, para tanxela, o

campaneiro precisaba dunha abaloira. Hai anos que fendeu e agora está na sacristía. É curioso: en Rusia hai outra que cando soa, as mulleres malparen. A Cándida de San Pedro ten un libro que o di.

As outras dúas campás de San Miguel chámanse Santa Bárbara e Santa Lucía. O pobo comprendía o significado das súas badaladas: cando morría unha muller, a grande tanxía tres veces, seguida dun toque da pequena. Cando había Sacramentos, repenicaba por longo, primeiro a Santa Bárbara, e despois a Santa Lucía. Cando o abade saía con El Señor, daba unha repinica dela soamente. No tempo das mallas, para escorrentar o trono, as campás de San Miguel cantaban: "Tente nube, tente tu/que Deus manda máis que tu./ Garda o viño, garda o pan/de nubeiros de alquitrán..." Tamén tanxían a Anxelus, chamaban á Misa e anunciaban as festas. O campaneiro, cando remataban as mallas, pasaba polas casas da parroquia e quen dáballes ovos, quen fabas, quen chourizos e, os máis, medio ferrado de pan. Hoxe xa non hai campaneiro. Hai anos que tamén el emigrou e as campás esqueceron a súa fala.

OS MOUROS ESTIVERON EN PARADELA

Na Croa do Toural seica estiveron os mouros. Eu non o aseguraría, claro está, pero os vellos do lugar din que sí.

Fun moitas veces á Croa, maiormente de rapazolo, porque alí era donde gardabamos a facenda. Eu ía moi gustoso por divertirme coas rapazas. Pode que houbera mouros, si, pois teño idea dun muro medio esborrallado e oín contar que, para facer a estrada, carretearon moita pedra do Toural e apareceron abondosas pezas de barro e pedras redondas cun burato no medio, empregadas polos mouros para moer a gra. Tesouros dudo que os houbera; pero o primo Xesús de Millerados, Deus o teña na gloria, apugnaba que hai unha cadea de ouro que baixa pola Fonte Branca ata a poza grande de Pías. Eu non creo tamaña andrómena, ¿como vai habela e, para máis, cun longo de media legua? O vello Saraibas do Cabo tamén insistía ser certo que os mouros acochárona baixo terra. ¿Será conto? ¡Quen sabe!

Onde si hai un tesouro é no Rodillón. Un crego vello daquel lugar, hai moitísimos anos, gardou moito ouro nunha ola de barro e enterrouna na cortiña debaixo dun penedo. O Delmiro seica atopou dúas moedas e os veciños cavaron para ver de descubrir a ola; pero non deron con ela.

En Higón hai unha cova que foi dos mouros. En Riocabo de Cima tamén hai outra, que fun ver co Suso de Toexe. Ten a entrada moi doada pero vai estreitando e afondando cada vez máis. Aínda que levabamos foco de bolsillo, tivemos medo e demos volta por se houbera un teixo, algún zorro ou culebróns.

Hai fundanza de que os mouros viviron no Cocheiro do Castro de Santa Cristina. Aínda vive a Xulia do Zoqueiro da Serra que me ten contado que na casa das Pozas, tiñan unha rancha que escapáballes cara ós penedos do Cocheiro. ¿Cal era a razón? Pois que alí vivía unha moura que, cada día, lle valeiraba un cribo de millo á rancha coa idea de cebala para ela e os seus. Pero, cando a ama descubriu o caso, matou a rancha. Seica moito rifou con ela a moura, que berraba:

-¡Non cha cebei para que veñas agora ti e a comas!

CO LIÑO PERDEUSE MOITO LABOR

Na nosa casa aínda se colleitaba ben liño, pero eu teño moi pouco recordo daquelas labours da miña nenez, hoxe desaparecidas por completo. Por iso transcribo ó pe da letra o que me contou o Tío Avelino de Randulfe.

"Para sementar o liño, primeiro era mester preparar ben a terra cun arado de ferro, que tiña a rabela de pau de carballo. Logo, con outro de madeira, marxábanse as treitas e despois sementábase a liñaza a man. Para saber se estaba ben sementada, pousábase na terra un dedo mollado en cuspe. Se se apegaban ó dedo nove pebidas, estaban bastas demais; cinco ou sete eran abondo.

"Cando o millo era nado e medraban herbas ruíns, ían as mulleres a mondalo, de xeonllos polo chan e ata de arrastro. ¡Canta troula facían! E tamén cánta algarabía cando se colleitaba, cando se ripaba para quitarlle a baga, cando se engalaba e cando, pasados nove días, se extendía ó sol, ben igoaladiño, antes de mazalo cuns mazos de madeira...

-¡Imos ó tascadeiro da casa de Baixo! ¡Á casa do medio! ¡A tal ou cal lugar...!

"Sempre se poñían de acordo os mozos e as mozas para formar farras e facer trasnadas.

"O tascadeiro preparábase case sempre nunha corte. O dono da casa libraba o gando e estrábaa con palla centea. Cando era cativo, alumabámonos con candís de gas, pero na miña mocidade xa os había de carburo e talmente parecía que estabamos no ceo. Por veces, os rapaces apagabámoslos a propósito para poder roubar bicos ás rapazas.

"Antes de tascar, o liño poñíase en madras. Trinta madras xuntas formaban unha mea e, coas meas, facíanse feixes atados cunha correa de palla centea e metíanse no forno, aínda quente, aproveitando que se cocera o pan. Desta maneira tascábase mellor.

"Para este labor preparábase unha mesa con dous buratos e, en cada burato, espetábase unha táboa de buxo, en forma de espadana, chamada tascón, labrado máis fino por un lado ca polo outro. As mulleres sentábanse cun mañuzo de liño debaixo do cu para que non enfriara e, ó mesmo tempo para que lles dera calor, cousa que estimaban moito.

"Os tascóns servían para sacarlle os tanascos ó liño. Para que non se arrincaran da mesa e que as mulleres puideran traballar cómodas, un home andaba cunha machada e cun martelo metendo cuñas de madeira onde facía falla.

"Á hora do xantar, as cociñeiras servían leite e torta de millo e, logo, aló pola tarde, as mozas novas falaban nervosas unhas coas outras: "¡Agora logo ven, muller!" "Non, xa non che é nada" "Onte acabouse todo..."

"Elas, aínda que puideran rematar pola tarde a laboura toda e marchar cada unha para a súa casa, facían o tempo ata que chegaban os rapaces, tapados cunhas mantas antigas de la e liño. Cada un acaroábase á que lle tiña botado o ollo, sentándose detrás dela no mesmo tallo.

-Retírate, retírate-, dicían elas; pero ó mesmo tempo íanse botando para diante, deixándolles sitio para que se sentaran a gusto. Logo eles, xoguetando, daban en tarabelear coas mans pero de traballar, ¡nin res!

"Contábanse contos con pementa e moitas mentiras. Ós mozos máis ousados, as rapazas atendíanos mellor. Dos cricas facían a risa. Eu non era dos máis botados nin dos menos; pero algún aínda se propasaba, coma o Farruco da Fonte, que sempre chegaba cantando e aturulando e, por veces, tocando unha gaita ou a pandereta. ¡Cantas veces formamos ruada deica ás dúas ou ás catro da mañá, bailando, cantando e batendo en caldeiros vellos cando non había música!

"No tascadeiro, ó liño soamente lle sacaban a maleza toda; pero, logo, as mulleres da casa facían outras labours. Cun restrelo, separaban a estopa e as estrigas; fiábano co fuso e coa roca; ensarillábano facendo meas que cocían nun caldeiro botándolles cinsa para que branquexaran; lavábanas no regueiro e estendíanas deixándoas ó serán varios días e, finalmente, devanábanas facendo novelos cos que as tecedeiras confeccionaban as teas. Das estrigas saía o lenzo e da estopa outro lambicio máis bravo para, poñamos por caso, facer sacos para carrear a fariña.

"¡Moito traballo daba o demo do liño! Pero non hai vello que non se lembre daqueles labores cun deixo de saudade. E, aínda que os tempos cambiaron, non hai labrego que non garde unha colcha ou unha saba de liño con grande apego e agarimo".

RETRANCA E HUMORISMO

O celme máis enxebre da sensibilidade popular atópase, a pouco que se pescude, a moreas, nas aldeas de Paradela, parolando cos paisanos, depositarios da lingua, sabedores dos costumes ancestrais e mestres á hora de compangar a retranca e o inxenio coa doada facilidade imaxinista e co humorismo que lles ven de vello.

O paisano galego é un sicólogo nato para captar axiña o bo e o malo; é un home de espírito

inquedo, que non cansa de cismar e profundar nas vivencias íntimas da alma, de canto o cingue e dos aconteceres de cada día para logo desenvolver a súa sensibilidade creadora, aleccionarnos coma un pedagogo cos contos sarcásticos ou pícaros, raposeiros ou cun aquel de amolar un nisco, pero sen ferir a ninguén e sempre cun engado enxebremente galego.

Lémbrome de moitos personaxes, ós que troco o verdadeiro nome, capaces de facer felices ós seus oíntes a carón da lareira, no café, nos intres de folganza no tempo da seitura ou nas mallas, contando trouladas e lerias, de vagar, e sen présa.

O Ramón do Costas era da parroquia de Castro de Rei, do lugar de San Martiño. Na festa do Rosario, os compañeiros fixéronlle crer que a mestra estaba namorada del e o bo do rapaz, sen cavilalo un intre, estreveuse a falarlle. Ela, seguindo coa leria dos mozos, díxolle:

-Gustar gústasme, pero eu non me afaría na casa dun labrador.

E el contestoulle:

-Na miña casa non somos labradores. O meu pai é tratante de carnes e untos. Vende untos por centos de toneladas.

Tamaña fachenda valeulle o alcume de "Ramón dos Untos".

Tamén era moi popular o Benigno de San Vicente. Sucedeu que o cacique do pobo, da casa do Secretario, tiña un encargo urxente para Lugo e aló mandou ó Benigno que foi e veu alancando no día.

Don Ramiro díxolle admirado:

-¡Vaia ho! ¡Nin que foras un "paquete" facturado volvías máis axiña!

Dende aquela, ó Benigno, quedoulle "O Paquete".

Outro paisano moi interesante era o señor Pedro de Millerados, que estivera empregado de fogoneiro no ferrocarril aló en Monforte. Por mor dun accidente, quedáralle unha perna máis curta ca outra e deron en chamarlle Patachica, alcume que, co tempo, convertiuse en "Pataquiña".

Podía falar de moitos homes "célebres" de Paradela; pero, dos vivos de hoxe en día, o Avelino de Randulfé quizais sexa o máis popular. El sabe choscar o ollo con picardía e aledar as xuntanzas de amigos cos seus acudidos ateigados de retranca, que non esmorecen nin se murchan, porque teñen a orixe no sustrato espiritual do humor que aniña dentro de nós mesmos.

O AVELINO DE RANDULFE

O Avelino de Randulfe é moi querido en Paradela; pero tamén, a moitas horas de tren, lonxe da súa Terra, ten amigos e veciños que lle queren ben e gozan de falar con el porque é un home moi bromeiro e sempre cun fardel de contos novos deprendidos a carón da lareira ou nas xuntanzas cos compañeiros nas casas da Pega, do Xerardo ou do Serafín; no adro da igrexa e mesmo nas rogas; no tempo da seitura ou na bouza...

Durante uns días, poucos abofé, na Cidade Condal, onde traballei ata hai dous anos que voltei á Terra e me afínquei en Lugo, compartín xantar e teito co tío Avelino de Baixo de Randulfe.

¡Moito medra o home lembrando e contando cousas da nosa Terra! A súa voz é potente coma o trono cando trata de cousas serias: mortes, estragos, inxusticias... Escacha coa risa se o conto é un algo cargado de pementa e pebre... Tórnase engaioladora cando fala cos meniños, que atenden os seus ditos e bromas, xogan, amigan con el e xa non se lle ceiban. Madia leva: ¡Non hai home máis neneiro que o Avelino de Randulfe!

A Pedra de Nai

Pero tamén os maiores reloucamos cos seus contos.

-¡Vai que non sabedes o conto da Pedra de Nai?, preguntou.

-¡?

-Cando eu era mozo había un matrimonio que vendía trangalladas en Nai -daquela celebrábase feira no lugar- e, no chan, a carón dunha pedra onde se sentaba a vella, pousaban as mercaderías. Seica tiña moita clientela; pero sucedeu que morreu o patrón e a paisana deixou o choio e sempre andaba a laiarse:

-¡Ai, miña pedriña de Nai! ¡Ai, miña pedriña de Nai!

As fillas xa estaban cansas de tanto laio e a máis nova delas deu en cismar e díxolle ás irmás:

-¡I-el non terá acubillado baixo da pedra a morea de pesos que, segundo as linguas da xente, empetou co noso pai?

A cubiza do tesouro foi a causa de que as catro rapazas acordaran levar á nai, chea de achaques a coitada, nun carro, sentada como unha madame en almofadas de la ben espilida para que non se mazara cos tumbos do armatoste, a rolar polas corgas cheas de lama e coios...

En chegando ó campo da feira, a vella transfigurouse coa ledicia e cál non sería o aglaio das fillas cando a nai, esfregando as pousadeiras na pedra, deu en berrar sen acougo:

-¡Ai, pedra de Nai, pedra de Nai, canto aquí gocei co voso pai!

A Ruda

O tío Avelino é un home moi sabido nas ciencias do noso pobo. El coñece a maior parte das herbas que teñen a virtude de curar: o cecimbre, que se dá moi doado nos Chaus, é un gran remedio contra as lombrigas dos pequenos; a cogolla, que medra con forza na Lucenza, é do mellorciño para evitar a calvicie e, verbo dos noxos estomacais, non hai cousa como o asente. Pero escoitade o que asegura da raíña da herboristería:

-A ruda é boa para tódalas doenzas. Non hai outra coma ela en todo o reino de Galicia. Chirricada en saín vello, cun par de ovos, un bo cortezo de pantrigo e un neto de viño de Aviado, é remedio superior contra o decaemento.

O Avelino de Randulfe -así era como firmaba durante o servizo das Armas en Guadalajara para diferenciarse doutros sete "López" coma el- explica con seriedade a súa receta; pero logo esacacha coa risa e engade:

-As mesas ben abastadas descoñecen esa menciña. Caciques e cregos prefiren unha boa lacoada con grelos.

Esquecíame decirvos que o apelido "Randulfe", froito do seu apego ó lugar onde naceu, serviulle de moito na "Milia". Perdíanselle moitas cartas e dende que empezou a empregalo, non lle fallou unha.

O Choio da Democracia

Como xa dixen, o Avelino pasou pouco tempo con nós porque o seu afán era marchar para poder estreitar axiña entre os seus brazos a familia e pasar xuntos os días de Nadal.

-¿A que se debe -pregunteille- o teu humor? ¿Como fas para discurrir tantos contos?

-Dende novo, respondeu, xa sempre fun moi tarabelo. Pero non deas moito creto ós meus chistes pois, por veces, fago como a vaca que está dando leite e, cunha patada tírao todo.

-Non será tal, atallou a miña muller.

E o Avelino, con ollos de picardía e sorriso nos labios, dixo:

-Estades ben equivocados. Eu soamente cavilo trasnadas. Vivo só e non hai quen me rife nin quen me leve ó rego, de modo e de maneira que boto unha hora boa e outra peor. Iso sí, cando me enrengo, din que son moi malfalado; pero non é tal porque pronunciar pronuncio ben.

-Non hai home -interrumpín- máis de palabra ca ti. Todos o din:

-É verdade.

E engadiu:

-Debo cavilar ben o que falo porque palabra que dea, quero cumprila. O que nunca prometeréi é non ter máis arroutadas porque, entón, xa non viviría ó meu aire. Por veces, eu téñovos ideas ruíns, coma o demo maior do inferno. Certo que non me ven de caste; pero tamén o demo tiña excelentes

irmáns, como o Patrón da nosa parroquia, San Miguel, que foi quen o chimpou ós infernos; pero así e con todo fíxoo xefe dos outros demos. Aínda que os meus se poñan en contra miña, tamén conto que non me desamparen e me dean un cargo. Hoxe en día, con iso da democracia, hai moitos choios. Tododiós é presidente ou secretario de algo.

O traxe da Benigna

Na mocidade, o Avelino botara unha tempada en Barcelona e, segundo conta, estaba namorado dunha rapaza que vivía na rúa de Muntaner e, cada canto, facíalle unha visita. A filla da porteira da casa, en canto chegaba el, berraba:

-¡Mamá, aquí ven o noivo da Benigna!

-Moito me amolaba a cantinela da pequena; pero o que máis me enrenegou foi que un día a Benigna díxolle:

-Acompáñame á costureira.

-¿E logo? ¿Por que?

-Tes que pagarme un traxe.

Que a Benigna lle quixera cobrar as aventuras amorosas, caeulle tan mal ó Avelino que liscou e non voltou endexamais cabo dela. Agora, despois de tantos anos, lémbrese do caso e di:

-Pagarlo sería cousa de noxo. ¡Ó pensalo, ata ela me dá vascas!

O xantar da Tarabela

Tamén foi pavero o que lle pasou coa Gumersinda do Trobo, alcume que lle puxo el porque era grosa coma os cepos -en Paradela chámanse trobos- onde se mazan os toxos para as bestas.

Sucedeu que un día invitouno a xantar e, cando chegou a hora fixada, coidando que lle tería preparado un gran convite, presentouse na súa casa e todo foi petar na porta e saír ela correndo, coa argallada de que levaba moita présa por mor dun enterro.

-¡Nin para min mirou! A Gumersinda era unha tarabela. Non llo tomei a mal porque tamén eu lle teño feito moitas trasnadas.

O GAIOSO DAS CORTES

O Tesouro de Santa Cruz de Loio

San Salvador das Cortes atópase no castro do mesmo nome. A capitalidade ten poucos veciños, sendo Vilachá o lugar máis poboado da parroquia. Había tempo que non visitabamos ó amigo Gaioso e atopámonos con dúas novidades: o único comercio de ultramarinos pechou a raíz do imposto do I.V.E. e -boa cousa- pavimentáronse os camiños do pobo, noutrora cheos de lama.

Dende as Cortes, óllanse os castros de Portomarín, Ferreiroá e o de San Mamede. É sabido que os antigos situaban as súas fortalezas de xeito que se puidesen defender dos inimigos. Moi preto atópase o monte do Castrillón onde se encontraron restos do convento de Santa Cruz de Loio. Aínda se pode ver unha sepultura escabexada nun penedo que conserva o releve dun home. É curiosa a historia que lle oímos ó Gaioso relacionada co solar do desaparecido cenobio, hoxe inzado de silveiras, propiedade dun veciño de Sandomil.

"De neno -díxonos- os vellos contaban que, a pesar dos outros castros que defendían o convento, os mouros conseguiron atacalo e prenderon ós freires e leváronos como escravos para as terras de onde eles procedían, agás un, mal relixioso por certo, que salvara gracias a que fora ás mozas a Higón. Os presos -seguíu contando o Gaioso- laiábanse: "Non sentimos de cousa ningunha máis que do ouro que tiramos ó pozo". Pero non houbo maneira de lles facer aclarar se se referían ó pozo da auga ou ó do río. O caso foi que os mouros esborrallaron o convento e removeron as terras todas, en procura do tesouro sen dar atinado con el, e plantáronas de viñas. Preguntaredes -engadiu- o mesmo que eu lle preguntaba ós vellos: ¿Apareceu o tesouro?. E dígovos: eu penso que o tesouro está na man de quen o ten, se o ten".

¡Que ocasión se houbera vagar!

O señor Gaioso acompañounos á capela de Nosa Señora de Loio, anexo de San Salvador, que celebraba a festa o 15 de Agosto. No lugar soamente quedan dúas casas. Non ten que ver coa parroquia de San Xoán de Loio, anegada practicamente toda ela polo embalse. Nesta, ultimamente, xunto á ponte, construíronse tres casas, dúas, con servizo de restaurante. É un lugar moi concurrido pola extraordinaria beleza da paisaxe e para practicar o deporte náutico.

A parroquia de San Xoán de Loio, aínda que pertence ó concello de Paradela, está ó cargo do crego de Portomarín, don Antonio López Vázquez.

Outra capela de vella tradición relixiosa é a de San Berto, xunto ó río Loio, a poucos metros abaixo de A Tellada.

As parroquias, por mor da emigración, viñeron moito a menos. Cregos tamén hai poucos, por iso non é de extrañar que don Ovidio Vázquez, párroco de As Cortes, administre as de San Martiño e de San Facundo. Nesta, celébrase cada ano unha romería moi popular á que o Gaioso non faltaba endexamais cando era novo. El recorda un caso moi chocante que non ousaba contar

porque "a troita morre pola boca" e, ante a nosa insistencia, cavilou un intre e pediu: "peche o cotrifol" (así lle chama ó magnetofón) senon non predico". Botou unha gargallada e ó fin decidiuse:

"Cando eu era un rapaz, o que manexaba ben un pau era o rei; mais iso rematou ó vir a pólvora. Isto foi como volo conto. Sucedeu que cando as mulleres estaban a preparar as merendas, os mozos de Lombao e os de Xián, que andaban turrados, esnafráronse a paus e as mulleres alporizáronse todas e caeron de costas erguéndolles o aire as saias ata a cabeza. A liorta trocouse en troula cando o Evaristo de Tremeado, en vendo as mulleres coas coxas ó aire, laiouse: ¡Oh, que ocasión, se houbera vagar!.

Nin avarento nin pailán

O Gaioso de San Salvador de As Cortes é un home moi arrogante. Dende que chegamos á súa casa non parou de nos ofrecer merenda e viño. ¡Vai por viño, muller!, decíalle á súa dona. Ante a nosa insistencia de que só queriamos auga da fonte, a Xusta serviunos ó noso antoxo e espetoulle: "eu quedei por abundante e ti por facañera".

Incansable conversador e leal cos amigos, sabe escoller as boas amizades e librarse dos aproveitados porque -na súa conversa enréstranse os ditos vellos- "o que ceda o seu en vida colla un fol e pida".

Isto vén a conto do que lle sucedeu un ano polo Preceuto. El, coma os demais feligreses, foi á igrexa para oír un freire predicador parente do capador de Vilachá. E quedou maravillado co seu sermón.

Á saída da misa, o Silverio, tal era o nome do capador, díxolle:

-Gaioso, ti tes un año. Traino á casa do crego que o comemos.

El non quería pasar por avarento nin por pailán. A resposta saíulle pintada:

-E logo ¿como queres que coma o año se aínda non llo paguei a quen mo vendeu?

O ENRIQUE DE MACÍA

O Enrique de Macía é un home moi bromeiro. É unha regalía estar con el. Abofé que estar ó seu carón é un vieiro de rosas.

Os emigrantes extrañan ó Macía; gustan da súa compañía os veciños e escóitano pamos os picariños rebuldeiros.

"Maciábiriscadacantiga", co seu aquel do espírito da viña dos Barredos, forman unha trinidad chea, rumbosa, aberta e dada ós amigos, sen parello moitas leguas á redonda.

Íamos á praia fluvial co Macía -residente en Lugo dende hai uns anos, foncho coa súa cativa industria- e cál non sería a nosa sorpresa cando supetamente berrou:

-¡Parade, que soltaron os presos!

-?

-¿Non vedes os mamíferos rubios?

Escachamos unha gargallada cando se explicou:

-Os presos son os coches; os mamíferos son os semáforos.

Trasantonte saíamos pola porta de Santiago e vimos unha mulleriña, a correr, burlando o semáforo para subir ó "bus" (Deus Santo, qué frenazo). Atrás dela o municipal, chifrando, coa libreta e o bolígrafo na man. A boa da paisana, pequeneira e reboluda, montou no "bus" en marcha, satisfeita por terse liberado da multa.

O Macía berroulle ó gardia:

-¡Señor, señor, cóllalle a matrícula!

Levo a grandeza de ser xenro do Macía. Recén casado fun ó Saviñao para visitar os curmáns e presentarles a miña muller. Coidando que ataballamos, viramos por un carreiro montesío e, no cimo, atopamos unha patrona cun fato de ovellas. A pegureira, de longas saias e zocos bastados, estaba facendo labor de mans.

Foi un santo dar con ela. Iamos desencamiñados. Pero non para aquí o conto. Cál non sería o noso aglaio cando, dirixíndose á miña esposa, preguntou:

-¿I-el non serás filla do Macía?

-A resposta afirmativa entoldou os ollos da boa muller e contounos do seu casorio -acordo familiar- para casa boa en terra allea e das súas nostáxicas lembranzas da aldea nativa: a esfolla do millo, os fiadeiros, as vendimas, as mallas... a mocidade de Reboreda, de Laxe, das Eiras, de Vileiriz, a barullar e argallar "farras" na casa do Macía tras esgotadoras tarefas labregas.

O Macía non se afai na capital e bota curtas tempadas na aldea. Para el non hai mellor festa cá birisca entre amigos, coa "jambia" -a súa muller- de compañeira, e un chanqueiro de viño para alumar ideas. Tampouco cansan as súas historias: as viaxes a Honduras, Cuba, México, Estados Unidos, de donde foi deportado a España por mor da crise do ano 29... Garantía evidente de que estivo en New York son as tesouras e navalla barbeira -Made in USA- (únicos recordos que conserva) e a morea de verbas inglesas que recita coma un rosario deixando pamos ós compañeiros e, tamén, as cantigas cubanas, que na noite pecha, ecoan por todo o lugar.

O que non se debe contar no Páramo é que, días atrás, presentáronse uns turistas

americanos na "Fonda Macía" e, cando as fillas o chamaron para servirse dos seus coñecementos do inglés, o home saudou ós Yankees cun "olrait" ceremonioso e liscou a dar un "borde" para estalicar as pernas.

El, tan sabido na lingua de Shakespeare, ¿por que fuxía? ¿Sabía, realmente, falar o inglés?, bromearon as fillas.

O meu fillo Enrique, tan afervoadado el do seu avó, desagradoulle que dubidaran do seu padriño e espetoulles:

-Sinte saudade por Estados Unidos e non quixo conversar con eles porque lle daba tristura.

ETCETERA, ETCETERA...

Sempre me lembrarei dos contos do Enrique de Macía en Camporredondo o día que casaron a Dorinda do Farruco do Medio e o Xulio de Guimerás.

Unha vez -dixo- fun ás mozas en Sabadelle co Suso do Benino de Teirente, bo rapaz por certo, pero moi apoucado e de entendedeiras tan cativas coma as do pai que, un día, en vendo un burro escapado polo lugar, ocurriúselle prender a besta e berroulle ó Domingo de Menor:

-¡Venme axudar aquí, que ímoslle botar este burro á miña besta!

-¡Eu diso non che entendo!, escusouse o veciño.

Pero o Benino de Teirente apunoulle tanto que lle axudara que, ó fin, aceptoulle e pillaron o burro. Logo, o Benino quedouse un anaco cismando e dixo:

-Para que o burro pense que a besta é unha burra, voulle poñer un mandil ó lombo.

Tal dito, tal feito.

E o Benino encirraba ó burro para que se arrimara á besta:

-¡Hale burro! ¡Vel-a burra! ¡Hale burro! ¡Vel-a burra!

Pero o animal non se daba preparado. Seica non lle gustaba a besta, que era ruinciña...

Ben. Xa sabedes que era o pai do meu compañeiro. Estela de tal pola xa é sabido que, nun caso de apuro, non serviría para nada; pero, ¿quen cavila en problemas cando se é novo?

O caso foi que non enviñamos cara Sabadelle. Daquela non había o embalse aínda e, para pasar o río, serviámonos dunha barca, que estaba amarrada a un bídalo e desembarcamos na outra beira preto do tendal que hai a carón do muiño do Fanagueiro donde, cando chove, agarímanse os paisanos coa molaxe namentres non chega o muiñeiro.

O Suso e máis eu determinamos que o primeiro en chegar de xunto ás mozas agardaría alí polo outro, e seguimos cada quen o seu camiño.

A miña rapaza era a Estrela do Pereiraboa, que todos sabedes o chistoso que el era. Moito ben me quería, ¡Dio-lo teña no ceo!

Cadrou que aquel día mallaran e estaban rematando de cear con tódolos da roga e o Pereiraboa mandoume pasar para tomar un chanqueiro.

Aquelo era unha algarabía. A cea fora farturenta e o viño, de colleita propia, xa alumaba ben. O caso foi que, denantes de parrafear coa Estrela, estivemos a contos ata ben entrada a noite. Non sei se contarvos o conto do ETCETERA, ETCETERA... porque podedes coidar que é irreverente; pero, hoxe en día, xa estamos afeitos a oír cousas peores no televexo.

Vai, pois, tal como o contou o Pereiraboa, sen lle engadir unha coma.

-Cando eu era un rapazolo -dixo- contaba o meu pai que o bispo, nunha das súas visitas pastorais, foi á parroquia de Aldosende para confirmar ós pequenos e, conque o cura non sabía o que lle había facer de xantar, foise a Lugo e aconsellouse co seu secretario.

-O señor bispo, asegúroulle, come de todo. Non é nada escollido. Pódenlle poñer, de primeiro, unha sopa; despois algo de carne e ETCETERA, ETCETERA.

Don Victorino, de volta á parroquia, preguntoulle ó sacristán qué era ETCETERA, ETCETERA e o bo do home, coidando que o abade facía risa del, contestoulle:

-Eche a bicha dun burro.

O crego contoulle a unha beata do lugar, que tiña un burro moi velliño, cal era o gusto gastronómico do bispo e, ¡non faltaba máis!, co permiso da patrona, cortáronlle a bicha ó animal e puxérona a cocer, coce, coce e coce, e ben cocida, colocárona toda enrodada nunha fonte. E cando o bispo se sentou á mesa para xantar, primeiro servíronlle a sopa, logo non sei qué máis e, despois, o ETCETERA, ETCETERA.

O bispo estivo serra, serra, serra e berrou:

-Pero isto ¿que é? ¡Parece a bicha dun burro!

E o crego contestoulle satisfeito:

-¡Si, señor. É!

Dios sabe os contos que alí palicou e, todos, con pimenta! Xa pouco me puider demorar coa Estrela e, cando cheguei ó lugar acordado co Suso... ¡malos demos! ¡Nin barca nin compañeiro!

Levaba unha hora longa agardando e o Suso sen chegar. ¿Sucederíalle -cavilei- como noutra ocasión que non atopara a moza e estaría, xa de volta, en Teirente? ¿Quen, senón, levará a barca?

Polo si ou polo non, escribinlle unha nota ben clara, con letra grande, e espeteina no bídalo. Despinme. Coa roupa e os zocos -daquela zapatos había poucos- fixen un emburullo e boteino á cabeza e, conque sabía nadar ben, chimpeime ó río; pero unha ola de auga, ou quizais unha ventolada de aire -non o sei de certo- pinchoume o emburullo e a corrente levouno río abaixo. Tentei colelo; pero pillei moito medo porque había un gran remuíño e, para máis desgracia, deime

tal carneirazo contra unha pena que aínda parece que me está doendo a testa agora.

Cando me vin na outra beira, así e todo, dei gracias por estar san e salvo e boteime a camiñar, desnudo -a noite era pecha- a legua de camiño que me separaba da miña casa.

Cando cheguei a Santalla, como ía espido, aínda que era nos derradeiros días do verán, sentín que me tollía a friaxe, pero, claro está, seguí camiñando mais, en Millerados, xa atrecía co frío e agarimeime na palleira do Xavier ata que vin pasar o compañeiro e berreille:

-¡Agarda, ho! ¡Agarda, ho, que vou eu tamén!

Así que me viu daquel xeito, o Suso matinou que eu era cousa doutro mundo e berrou:

-¡Mecagoental, aí veñen as ánimas!

E botou a correr e, canto máis eu lle berraba, máis el escapaba. Canto máis corrían as ánimas, máis alancaba o Suso.

En chegando á cima da corga do Sagrazal, vin un poldro que estaba a pacer nun arredor e pensei:

-Agora tiven sorte, que poderei seguir montando a cabalo.

Pero, cando o fun a pillar, o animal mirou para min e, ó verme, empezou a ornear e fuxiu coma un louco arrincando lume das pedras.

O Suso, ó sentir aquel tropel, o cabalo trotando e as ánimas correndo, inda máis se alporizou e agachouse nun toxeiro e alí agardou esfurricado, ata ben entrado o día.

Cando chegou a Teirente mesmo semellaba un cadavre e os veciños preguntáronlle:

-¿E logo, que che pasou, Suso?

-Mecagoental -contestou- saíronme as ánimas ó camiño e máis é: ¡Viña o demo con elas!

O BONETE DO TRASGO

O que vos conto sucedeu ó señor Camilo de Riba -Dios o teña na gloria- da parroquia de San Vicente, lugar montesío de soutos mestos e carballeiras vizosas, a unha légua escasa do río Miño.

El era un home moi amigo de conversar e, nas xuntanzas cos veciños nas rogas, na mata do porco, nas mallas, na esfolo do millo ou nas longas noites de inverno a carón da lareira, endexamais podían faltar os seus contos que, segundo el, eran historias verdadeiras.

"Canto vos digo -aseguraba- son feitos que pasaron. Cántovolo para que vos saibades desenvolver se vos sucede algo semellante".

Andaría eu nos oito anos cando lle oín contar a "historia" do bonete do trasgo. Foi na casa do Ernesto de Cabo, unha tarde de moita fogaxe, no mes da seitura.

Ó rematarmos de merendar, os da roga e os pequenos ficamos barados cando nos contou o que lle sucedera co raio do trasgo. Eu non teño gracia nin memoria; pero do caso que alí contou lémbrome ben, debido, quizais, ó remate inesperado da "historia". O trasgo non vos é tan ruín como se pensa.

Unha noite, de volta ó muíño de Barrido para a casa, que por certo estaba fronte por fronte da igrexa, deu en chover a ballón e, en chegando diante do cruceiro, unha voz roucona berrallou: -"Vou-vou".

E o bo do señor Camilo colleu tal arrepío que fuxiu decontado polo lameiro do crego enzoufándose todo ata os xeonllos. ¡Deus sabe o apuro que el pasou!

Cando se tranquilizou e deu entrado na cociña terrea, prendeu lume, muxiu a marela, fixo unhas papas e, namentres estaban a enfriar, sentiu gralear as pitas.

¿Que demoros pasa? -pensou- e seguiu cazoleando e remexendo pola cociña. Ós poucos, oíu gralear as pitas de novo e foise ó poleiro vendo, con extrañeza, que durmían sen novidade. Asegurouse de que pasara o ferrollo á porta, botoulle unha presada de herba á vaca e voltou á cociña para cear.

Ficou aglaiado:

¡Un cadelo estaba lapando as papas!

¿Por donde entrara o diaño do can?

O coitado señor Camilo enrabechouse todo e, el que lles tiña moita teima ós cans -dos gatos xa nin falar- antes de botar ó animal fóra da casa, ocurriuselle atarlle unha valdeta vella ó rabo. "Para que escarmentes -berrou- pero non puido logralo porque o cadelo non paraba quedo. Logo tentou escorrentalo a paus, mais non había xeito de lle poder bater. Canso de pelexar co diaño do can, a Deus gracias que se lle ocorreu guindarlle ó fondo do corgo un oso que tiña para cocer o caldo do día seguinte. Daquela, o can fuxiu a escape polo oso e o señor Camilo aferrollou ben a porta e foise deitar.

Á media noite, por mor dun peso que lle esmagaba o peito, espertou alporizándose todo ó se decatarse que un home estaba enriba del.

Moito loitou para se ceibar do condenado; pero non había xeito de se desenlear del. O bo do señor Camilo estaba anegado en sudores e, por máis que facía, non lograba chimpár de enriba o home que seguía tal cal e nin rebuliu. Afellas parecían cousas do demo.

Arrabañouno todo, deulle de losqueadas, adentouno e ata lle pregou por amor de Deus e os Santiños que o deixara ceibe, pero nada. O home seguía tal cal preméndolle o peito.

O señor Camilo xa se daba por perdido cando tivo o acerto de lle botar as mans ás guedellas. Aquelo foi un milagre. En troques de pelo, o que agarrou foi un bonete coma o que gastan os cregos e, no intre, o home sumiuse.

Inda lle costou ben prender o sono; pero antes de romper o día volveu espertar alporizado por uns ruídos que viñan da palleira.

Era tal o medo que tiña que non se atreveu a saír do leito. Acochouse ata a cabeza e alí estivo en agarda de que saíra o sol oíndo de cando en vez renxer de ferranchos. Xa era día grande cando se achegou á palleira e bateu cun home pequerrecho que andaba a remexer nos apeiros.

¿Ti que fas aquí?, berroulle.

E contestou o home:

Son o trasgo. Eu fun quen berrou "Vou-Vou" e, sen querer, o causante de que te enlamaras deica os xeonllos no prado do crego. Fixen gralear as pitas para, namentres, coller figura de can e laparche as papas porque tiña fame. Logo quixen durmir na túa cama, pero é tan estreita que non couben, de modo e de maneira que boteime por riba de ti. Son un trasno novo que gusta de facer trasnadas collendo figura de vello, de animal ou de mozo, segundo me conveña para divertirme coa xente. O que che prego, agora, é que me devolvas o bonete, porque, sen el, non me deixarían entrar no inferno.

O señor Camilo, cheo de aglaio, non sabía qué facer. Pasoulle pola idea coller a machada, pero decatouse axiña que ía perder o tempo. O único que podía valerlle era a medalla bendita que, para maior fatalidade, perdéraa choutando polos prados do crego.

Cavilouno ben e díxolle:

-Se queres o bonete, véndocho.

-Trato feito, respostoulle o trasgo, fuxindo a escape pola corga abaixo.

Deus sabe onde el iría polos cartos para mercarlle o bonete, que, ós poucos intres, chegou alasando pola carreira cun sombreiro cheo de pesos de prata. Hai quen asegura que llos foi pedir prestados ó irmán do crego, don Anselmo, o home máis rico da parroquia, coñecido moitas léguas á redonda porque tiña sacado de apuros a moita xentiña, inda que cobraba os réditos algo careiros. Tampouco faltou quen sospeitara que os pesos de prata aqueles tíñaos agachado, don Anselmo, debaixo do penedo que hai no cimo da horta da súa casa, camiño do Sagrazal. Se tal fora certo, a amoladura que levou foi grande. Non había maneira de denunciar o roubo porque, rematada a guerra, saíra un decreto que obrigaba declarar a prata e trocala por papel-moeda e el non o fixera.

O caso foi que o señor Camilo quedou coa prata -el amañaríase para cambiala ou vendela a coleccionistas- e o trasgo novo recuperou o seu bonete. O que non podo asegurar é a procedencia da morea de cartos que xuntou.

Ó despedírense, o trasgo non disimulou o seu enoxo nin pouco nin moito e berrallou:

-¡Endexamais voltarei a ter tratos con vostede porque aínda é máis zorro ca min!

Deste xeito foi como o señor Camilo de San Vicente mercou outra vaca, un nabal grande e

a leira dos Chaus. Debeu costarlle un bo capital pero nunca se soubo a cómo subira. Cando morreu, falouse de que un sobriño seu, emigrante en Catalunya, que chegou a San Vicente cando estaba nas últimas, aínda empetou unha boa presada de pesos.

¡Que boas lembranzas teño do señor Camilo de Riba! As primeiras ameixas da súa horta sempre eran para min e non había día que non voltara el de Sarria, da Feira do Quince, de Paradela, ou do Vinteseis, de Currelos, que non me trouguera un pequeno agasallo; pero o que máis lle agradecía eu sempre eran as roscas e os melindres de Sarria.

Hai quen se malicia que tamén eu herdei ben pesos de prata. Non é certo. Canto teño, gañeino co meu traballo.

¡Quen me dera a min atoparme co trasgo novo! Non terei esa sorte, pois, como vistes, quedou escarmentado.

O CAPITÁN DE TOEXE

Chamábanlle o Capitán de Toexe aínda que endexamais tivo unha arma nas mans xa que librou da "milia" por non dar a talla. O alcume víñalle de que, en tempos das guerras carlistas, un devanceiro seu chamado Suso Ferreira, conseguira o grado de capitán. O Capitán de Toexe contaba a historia do seu parente con moita fachenda e cunha fantasía que talmente semellaba inspirada nunha romántica cantiga de cegos. Eu non fago máis que transmitir o que lle oín na casa da Pega.

En terras de Asturias vivía un home que andaba sempre bébedo e endexamais pagaba o que debía nin o que comía. Tamén lle gustaban moito as rapaciñas novas, pero xa era vello e elas facían risa del.

Unha inverniá, das máis crúas que se acordan, enfermou e, ós poucos días morreu. E, como non deixara diñeiro nin bens e "camiñara" ategado de trampas, os veciños non cavilaron outra cousa que darlle de paus.

Estando na malla macabra, acertou a pasar o soldado Suso Ferreira, de Toexe, que ía de permiso á casa dos seus pais.

-¿Por que lle pegades ó morto? Os cadavres non fan mal a ninguén.

-Quedou debendo moito diñeiro e, xa que non pagou en vida, ten que pagar de morto, berraron a unha, cheos de carraxe.

-¿Canto debía?

-Trinta reais.

-Pois non lle batades máis, que pago eu.

Inda ben non metera as mans no bulsón cando unha vella berrallou.

-¿E quen paga o enterro?

-Eu ando con todo, contestou o militar.

O Suso agardou que lle deran terra, pagoulle ó crego o seu labor e colleu camiño decontado porque non tiña cabalo e aínda lle faltaban moitas leguas para canear. Por mor da guerra, o coitado rapaz xa levaba dous anos sen ver a familia e langreaba por estreitalos a todos entre os seus brazos.

Cando chegou a Toexe, os pais prepararon unha gran festa e mataron un carneiro. O fillo, que coidaban morto no estrondo da guerra, ¡voltara san e salvo!

Os días contados logo pasan e a despedida foi aceda. O soldado desandou, de novo, atallos e camiños para reincorporarse ás armas e, cando chegou ó campo de loita atopouse con que os isabelinos tiñan feito estragos a oito e alancaban trunfantes en tódolos frentes tras sangüentos combates.

Unha serán a súa montura caeu ferida de morte e o coitado ciscouse co medo. Xa se coidaba perdido naquel remuíño infernal cando viu un fermoso cabalo branco ceibe e, supetamente, con anovados folgos, montou nel para seguir na loita, destemido.

Aquel cabalo era un pasmo:

Erguíase encabuxado e couceaba ós inimigos estambullándoos no chan namentres o Suso rabanaba cabezas a oito.

¡Nin que fora cousa de milagre! As forzas carlistas, aguilloadas pola afouteza do soldado reincorporado de novo, avanzaron conquistando posicións perdidas e o xeneral arengou ós seus homes desta maneira:

"Espreidade ben o que vos digo: hai que estar preparados porque en canto amañeza, teño a seguridade de que os usurpadores voltarán ó ataque. Todos fostes valentes; pero o Suso Toexe fixo verdadeiras fazañas e, dende hoxe, atenderedes as súas ordes. ¡Capitaneados por este valente loitador, daredes escarmento ós liberais de Sabela!

Pola mañá, coma unha nube de po, o exército adversario abalanzouse con desespero á derradeira batalla. A loita foi máis cruel que endexamais; pero, seguindo os mandatos do ousado capitán, os leais deixaron o campo estercado de cadavres e conseguiron unha mancha de presos.

O xeneral pendurou do peito do Capitán Ferreira a medalla ó Mérito Militar e concedeuille unha paga vitalicia. Houbo grandes festas e díxolle:

-Pídeme o que queiras, que serache concedido.

O Suso Ferreira non debecía outras estrelas que non foran as da súa Terra e refugando glorias castrenses, saloucou:

-O meu pai xa vai moi acabadiño e so anceio a licencia para lle axudar a traballar as leiras.

O xeneral, que comprendeu o seu rogo, deulle a Licencia Absoluta e agasalouno co cabalo branco e o Suso, reloucando de ledicia, saíu a gallope en dereitura da súa aldea.

Cando chegou ó pobo onde vira a macabra escena, ficou cheo de aglaio. O cabalo, falando coma un cristiano, díxolle:

-Non te acores, Suso, e atende: Eu son aquel home que salvaches da profanación salvaxe neste pobo. Por seres o meu valedor, quíxente axudar transfigurándome nun cabalo guerreiro. Non contes o caso a ninguén, agás ós teus pais, porque non che darían creto e coidarían que a guerra che arrebatou o xuício. Segue a facer ben e non mires a quen.

No intre, o cabalo sumiuse e o Capitán Ferreira, aquel Suso Ferreira que un día deixara a aldea para loitar por obriga militar, seguiu a pe cara a súa terra rebordante de contento.

O CURANDEIRO DA BARRA

(Publicado en 1973; ¡sen normativizar!)

Isto que vos digo seica é conto pero puido ser certo. Pensando ben as cousas, hai moita verdá neste dos probes e dos ricos. Aló na barra había un pai con moitos fillos: dezasete e outro que andaba en camiño. O home cavilaba cómo había facer para atopar compadre porque, debido á sua probeza, non se lle brindaba nengún e a xente daquelas bisbarras acetan somentes afillados ricos.

Naceu o meniño e, por moito que pescudóu non deu con nengún. Entón díxolle a muller:

-Sabes qué? Vou a outro pobo por ver se alcontro quen veña de padriño. O ruliño non vai quedar sen bautizar.

-Vai, contestou ela.

Pola carretera alcontróu un home inda novo e pregóulle:

-Se me viñera de padriño do meu fillo...

-Es rico ou probe?

-Son probiño, contestóulle.

-Xa estou cheo de afillados, bruóu o home. Percure outro se quer, onde non, déixeo sen bautizar.

O coitado seguía camiño e, ó chegar un pouco máis adiante, cruzóuse con outro paisano que lle preguntóu:

-Pra onde vai tio home?

En percuro de padriño pró meu neno; pero como son moi probe non o dou hachado.

-Se me aceta voulle eu; pero sonlle o demo.

Inda que así seña, pensóu, téño que levar. E ó día seguinte o neno xa era cristiano. Rematada a cerimonia bisbioulle o demo satisfeito:

-Compadre, moito teimaba con ser padriño. E voulle conceder unha gracia pra que nunca lle falten cartos para atender á familia. Vostede será o mellor curandeiro destas terras. Dende oxe visitará calquera doente de lonxe ou de perto. A seu carón, visíbel únicamente para Vostede, sempre me alcontrará. Se me vé ós pés da cama, recételle herbas que o amalado sandará. Se me vé á cabeceira, desengañe á familia porque o loito será cousa certa. Dista maneira será famoso axiña e os ricos seus millores amigos. E así foi.

O día que o meniño soltóuse a camiñar díxolle o demo ó paisano.

-Compadre, (o padriño e o pai do cativo sempre se trataban de compadres) vaia onda a filla do rei que está ás portas da morte. Doce médicos non acertan a sandala. Cando chegue ó pazo non o deixarán entrar pero Vostede porfíe que ten o remedio pra salvar a princesa e o rei dará a orde de deixalo pasar.

Fixo tal cual.

-Qué vai facer iste, decían os gardas, que non ten pinta de ser médico e nen sequer sabe falar castelán?

Pero o Rei desenganado xa da menciña e dos milagros, ordenóu que franquearan as portas ó curandeiro quen, ollando o demo ós pes do leito, mandoulle ó Rei que il mesmo fervera unhos gromos de xesta en augas ferreas e que lle dera duas culleradas denantes do xantar e outra en acabando de cear.

Deloutro día atopóu todas as portas francas. A rapaza millorara e o Rei non sabía cómo agasallar ó home. Pra il era cal se fora un dios.

Os catro días estaba sana de todo e o augusto pai preguntóulle ó paisano cómo lle debía.

-Déame Vostede o que queira, contestóu.

O Rei porfióulle tanto que o curandeiro pedíulle moito e, dende aquela, non daba atendido tanto enfermo. Cando vía o demo á cabeceira do leito desenganaba ás familias:

-Iste morre. Non gastedes máis coil.

Os probes non lles levaba ren. Somentes cobraba ós podentes. Somellábase ós médicos dagora, digo eu, que cóbranlle ós desherdados e ós potentados non, por se algún día lles poden valer para unha recomendación.

Mais aconteceu que un moi amigo dil enfermóu e foino visitar. As bágoas viñéronse ós ollos en vendo ó compadre á cabeceira e cavila que cavilarás, ó fin deu coa menciña.

-Axúdame a revolver o leito, mandóulle á dona do seu amigo que choraba esconsolada.

E foi de modo e de maneira que ficou o demo ós pes do leito, salvándose o compañeiro.

Cando chegou á casa xa agardaba o demo que berroulle enrenegado:

-E logo, compadre, cómo fixo eso? Non lle dixen que cando me vira á cabeceira o doente morrería?

-Sí, respostóulle, pero o Lamas e mais eu somos amigos de sempre.

-E boa verdá, bruóu o demo, o que din os vellos: "Quen con rapaces se deita, mexado se levanta".

E liscóu en forma de corvo.

O home, que xa non sabía qué facer con tanto peso de prata, daquela retiróuse de médico e non voltóu a ver endexamáis ó seu compadre.

CONTOS QUE NON SON CONTOS

Os costumes, tradicións, historias e contos que vades ler, recordos aínda vivos nos veciños da nosa comarca, escoiteinos ás nosas xentes moitas veces. O meu labor, acertado ou non, consistiu en escolmar un feixe destas cousas sinxelas embazado pola emoción de recordos lonxanos e como un pequeno homenaxe á miña Terra.

Os ovos da Otiliña

Na Condomina había un home que se apelidaba Torres; pero era coñecido por "Torrexón". El tiña unha noiva en Cereixal, na parroquia de Santabaia, que se chamaba Otilia e un día de auga, que a foi a visitar, ós pais da rapaza antoxóuselles que había facer noite alí, por mor do temporal. El quedou, aínda que de mala gaña debido a que andaba lixeiro de ventre.

Á mañá seguinte, cando se ergueu, díxolle á noiva:

-Mira, Otiliña, quédache unha pouquiña cousa na cama; pero non o digas a ninguén.

-¿Para que deixaches nada?

-Eche moi pouquiña cousa, pero cala, que non se saiba.

Cando a rapaza foi mirar e atopou a picañada, limpouna e calou. Como era un bo herdeiro, ela seguiu queréndoo e casaron.

O Torrexón levouna para a casa e, cando lles naceu o primeiro fillo, foise a ver ós sogros para notificarlles que a Otilia tiña un meniño e eles déronlle chocolate e melindradas para a filla e un queipo de ovos.

De volta, pola chousa da Codeseira, co seu queipo pendurado dunha caiada, sentíu cantar o gaio no cimo dun carballo.

¡Guá! ¡Guá! ¡Guá!.

E el, que era un home moi medoso, mirou alporizado para arriba e o queipo esvarou da caiada estrelándose os ovos no chan.

¡Cantas veces lle oín o conto! Sempre remataba desta maneira:

-¡Levei unha amoladura do diaño! Viña cun queipo de ovos para a miña Otiliña e sentín o gaio: ¡guá! ¡guá! ¡guá! e alí fixen a tortilla antes de chegar á casa.

O comido polo servido

O Balbino gustaba de engaiolar ós demais cos seus contos. Unha noite, alumado por varios netos de viño, dixo na casa da Pega:

-Cando era mozo botaba catro horas de camiño para ver á rapaza que máis estimei neste mundo; pero non casei con ela porque estaba enferma. Ela sabía que non podía ser casada e non tomou a mal que casara con outra.

-¿E que che pasou coa Guitiana?, pregunteille ó Venancio da Fonte.

Todos sabían o conto. Non había quen descoñecera os amorios do Balbino coa Isaura: era ama dunha casa rica, que tiña dúas caballerías, catro bois, unha ducia de vacas e cebaban moitos ranchos. O seu home ía vello e precisaban un criado. Un amigo aconsellou ó Balbino:

-Vaite cabo dela. Poderás facerte o seu querido e paparás unha vida coma un crego.

E así foi. A muller ilusionouse con el e o Balbino pasou os primeiros anos da súa xuventude servindo á Guitiana e servíndose el tamén. ¡Cantos ovos sorbidos lle deu para que non esmorecera!

Unha vez, na sega da herba, mentres o patrón crabuñaba as gadañas, o Balbino foi xunto da ama, que estaba botando unha sesta e meteuse con ela no leito. O vello, que xa se maliciara, subiu ó cuarto e, ó velos xuntos na cama, colleu a escopeta e gracias á Guitiana que berrou:

-¿Ti estás tolo, seica? ¿Non ves que lle estou cosendo un botón da camisa?

-Non sei se o home creu o achaque que lle puxo a muller -remataba sempre o Balbino- ou se estaba agradecido polos meus servizos. O caso évos que cheguei a ser o seu home de maior confianza.

Cousas da mocidade

O Saraibas do Cabo era un home moi ocorrente e prosmeiro. Eravos o diaño!

Unha noite estaba de parrafeo cunha rapaza que non lle paraba de pedir:

-¡Vaite, vaite que hoxe teño moita présa!

E el ¿que pensou? Que a moza agardaba por outro rapaz. E marchar marchou, pero escondeuse no tendal xunto á porta.

O que tiña ela era que andaba con moita destemplanza e non se estreveu a dicirlllo e cando coidou que el xa camiñara, volveu botar fóra e foise ó tendal a facer de corpo mesmo ós pes do Saraibas, pónndolle pernas e zapatos todo perdido.

Noutra ocasión que fora ás mozas, botóuselle a noite e, conque chovía a ballón, agarimouse nunha palleira. Enriba da herba había a albarda dunha besta e, pola mañá cedo, entrou unha vella por unha presa de herba para lle dar á marela namentres a muxía e, ¿que cismou o Saraibas? Para asustar á patrona fixo esbarar a albarda; pero saíulle a porca capada porque non se decatou do atafal e, ó tirar o aparello, quedou preso polo pescozo, caendo el tamén onda a vella, afouciñando no chan.

O w.c. das mulleres

O Baldomero de Guimarás acompañou ó Ernesto a Lugo para arranxar en Previsión o expediente de Gran Invalidez por cegueira absoluta e, cando ían por Santo Domingo díxolle o Ernesto:

-Baldomero, por aquí ten que haber un servicio público.

O Baldomero, que non sabía ler, encamiñouno ó W.C., pero o Ernesto, segundo entrou, uliu pinturas e lardumiadas femeninas e, botándose fóra, dixo:

-Pero, Baldomero, me cago en tal, este non é o servicio dos homes. Eche o das mulleres.

-¿E como o sabes?

- Polo ulido.

O compañeiro quedou varado. E, en chegando a Pacios, dixo na casa do Xerardo:

-¡Hai que ver o olfato que vos ten ese home, que, polo ulido, coñeceu o W.C. das mulleres!

A Festa dos Milagres

Sucedeu que, cando o Rosende de Moutrás estaba estudiando para crego, invitaron ó pai á festa dos Milagres na casa do Grilo da parroquia de San Martiño e o estudante, que estaba de vacacións, pediulle que o levara con el.

Nos Moimentos atopáronse cunha rapaza, invitada tamén, e seguiron os tres de parola deica San Martiño; pero, en chegando casa do Grilo, entrou primeiro o vello e eles quedaron falando fóra un anaco.

Xa estaban para xantar e o pai do Rosendo, vendo que os rapaces se demoraban moito, baixou e sorprendeunos bicándose tras da palleira e o coitado, que louqueaba por ter un crego na familia, en vendo aquilo berrou desconsolado:

-¿E iso son os Milagres? ¿E iso son os Milagres?

Tres cabalos perdidos

O Froilán da Veiga andivera arando todo o día cos bois e, cando chegou á casa desxunguiunos pero non se acordou de sacarles os vetillos, que lles puxera para que non paceran e, claro está, os bois non comeron.

-O Sameigo e o Marelo non comeron cousa, berroulle a muller.

-Anda que mañá van traballar igual, contestoulle o Froilán.

O romper do día, en xunguíndoos, decatouse que tiñan os vestillos postos e levou unha renegueira do demo e aínda que o traballo apuraba, sentiu moito aquel polos bois e, conque el era o causante, deulles descanso.

Outra vez, que perdera o cabalo, dixéronlle que fora onda o señor Farruco do Campo, que el axudarlle a buscalo. Xa anoitecera e non era caso de andar un home só polos camiños inzados de lobos.

O Señor Farruco, que era moi ocorrente, díxolle:

-Ven acá. Ven acá. Métete dentro, que estaremos mellor a carón da lareira botando un neto. Faimo caso e deixa que o coma o demo. Agora anda un cabalo perdido Deus sabe onde e, se saímos nós tamén, seríamos tres cabalos perdidos.

El era un brután, pero ela non o era menos

O Miguel da Condomiña era da parroquia de Santa Cristina e levábase moi mal coa muller, que se chamaba Amadora. El, en vez de chamarlle Amadora, chamáballe "Ama" e unha vez berroulle:

-¡Ama!

-¿Que queres, Miguel?

-¿Décheslle de comer á rancha?

-Dei.

...

-¡Ama!

-¿Que queres, Miguel?

-¿Décheslle de comer á rancha?

-Dei.

E así por varias veces.

El non aturou tanta leria da muller e colleu escaleiras arriba cara o cuarto, de moi mal xenio;

pero ela que se decatou da mala idea do home, escondeuse tras da porta e, segundo el entrou, deulle tamaña losqueada que laouse o Miguel:

-¡Ai, miña meixela, que te levou o diaño!

Noutra ocasión o seu fillo, que lle chamaban Susiño, estaba tarabeando nun corredor que tiñan medio estartelado e caeu á horta por un burato. Entón baixou o vello e dixo:

-¡Ai, cómate o diaño! ¿E caíches?. Pois por onde baixaches volves subir. E colléndoo por unha perna arrebolouno arriba ó corredor.

Fera Corbella

O Modesto era de Castro de Rei, do lugar de Pena Corbeira. Chamábanlle "Fera Brais", "Repoleiro" e "Fera Corbella". Andaba polas portas a facer cestos e culeiros e un día, que estaba na casa do Cabo, os rapazolos déronlle en berrar por un burato da porta:

-¡Fera Brais! ¡Repoleiro! ¡Fera Corbella!

E foise el e saíu ameazando ós picariños, que lle tiraron unha presa de bosta e fuxiron a escape e o Modesto tras deles.

Así que os rapaces chegaron á Carballeira da Fonte, deron volta coma se tal cousa e ó cruzárense co Fera Corbella preguntoulles o bo do home:

-¿E non vistes uns lacazáns que me tiraron bosta?

-¡Vimos, si, señor. Case os alcanza!

-Merecían un escarmento, dixo o Fera Corbella, pero tamén verdade que doime mancalos.

E volveuse para Pacios parolando amistosamente cos rapaces.

O Larpeiro

O Pedro dos Burros era da casa do Rego, aló na parroquia de Vilaragunte. O alcume víñalle porque en Güián houbera unha parada de cabalos e burros para botar ás bestas e el estivera de burraxeiro.

O Pedro este do que vos falo nunca se vía farto. Unha vez que lle deron pousada na casa de San Pedro, a Cándida díxolle:

-¡Hoxe heite fartar, ho! ¡E saberei o que comes!

Seica papou sete cuncas de caldo e cando a xente da casa se deitou, el fixo o propio enriba dunhas presas de palla espallada a carón da lareira.

Á mañá cedo, a Cándida baixou á cociña e ¿cal non sería o seu aglaio en vendo que o Pedro xa camiñara deixando todo estrado

de caldo?

Noutra ocasión, na casa da Fonte, apurou a comer cuncas de castañas cocidas con leite ata que golsou e, dalí a un anaco dixo:

-¡Hai que me facer a cea!

-¿E logo, non vistes que aquela xa se foi?

O Pedro dos Burros andaba a pedir polas portas e traballaba pola mantenza; pero éravos un peón cativo porque canto facía non valía un can e, como vedes, nunca se vía farto.

Dous cregos: don Mariano Domingo e O Chantadino

Un ano, pola festa de Castro, aínda que alí había unha orquesta, os ramistas trougueron outra de fóra porque o crego don Mariano Domingo, que tiña un nariz moi grande, levábase moi mal co clarinete, que era o Teodoro, un rapaz medio xorobado el.

Cando saíu a procesión, o Teodoro apartouse a unha beira pero o crego, segundo pasaba, bateulle na chapela e díxolle:

-¡Ti, xorobado do demo, anda canda os outros!

E retrocoulle o Teodoro de Sachas:

-¡Pase, señor, que o meu nariz non estorba a nada!

Hai moitos anos había en San Miguel un crego que lle chamaban O Chantadino e seica tiña un fillo coa criada. O Severo de Camporredondo, que era o diaño, adeprendeulles a uns rapazolos a cantiga aquela de "O cura está malo..." e pediulles que lla foran cantar ó Chantadino. Os nenos, santos inocentes, fixérono.

¡A que se armou! O crego chamou ós pais dos "anxos cantores" e a punto estivo de encerralos nun reformatorio. Que llo pregunten á señora Amadora de Randulfe e a don Ánxel que, daquela, era o Xuíz de Paz. "É ben certo -dicía o Severo- que, por veces as verdades ofenden".

Un consello

A rosquilleira de Aldosende e o Xaquín non tiveron fillos e xa ían moi acabadiños cando el, que non lle rexía ben a cabeza, deu na teima de volver casar. E aconsellouse coa muller.

-¿Ti que dis, Encarnación?

E díxolle ela:

-Bueno, ho, bueno. Cásate cando queiras. A ver logo se tras para a casa unha mulleriña que nos arranxe ós dous. Pero, mira, trata de casar cunha que teña capital; que bestas sen albarda

haichas en Monterroso.

A tola dos chaus

Chamábanlle Testarrabiada. Seica se transtornara porque un mozo que tivo, aló da Ferraría, da noite para a mañá, apareceu casado con outra.

A coitada un día chegou á casa dunha parente e díxolle:

-Concepción, Concepción, tráioche unha fame negra. Dácame un torrezno que sexa ben grande, senón, non cho quero.

Outro día chegou a Randulfé, subiu ó cuarto grande e atopou á prima Pilar, que aínda durmía, e botoulle as mans á gorxa.

-¿Ti que fas, muller?, díxolle alporizada a señora Pilar.

-Teño unhas gañas tolas de ver morrer unha vella...

Pobre Testarrabiada. Nunca fixo mal a ninguén; pero sustos cántos deu.

"¡Ai que oliños tan bonitos tes! ¡Quen mos dera para min!".

"Eu nunca vin morrer un meniño e aledaríame moito ver como morren..."

Non é de extrañar que os rapaces lle fuxiran de contado e ata que os máis estrevidos lle arrebolaran con pedras.

O Francés

O Francés de Teirente era un home moi medoso, tanto, que non parou ata mercar unha pistola francesa, que sempre levaba con el e amostrábaa con moita fachenda.

Unha vez, os mozos de Pacios saíronlle á estrada disfrazados de fauciosos e pedíronlle que fixera os derradeiros rezos porque íano matar. O bo do home non foi quen de botar a man á pistola e rezou cantas oracións sabía ata que os rapaces soltáronse a rir e o Francés se decatou que todo era unha trasnada que lle prepararan.

Noutra ocasión que estaba na taberna do Xerardo, entrou un corredor de comercio e o troulas do Millerados besbelloulle que fuxira porque acababa de chegar unha autoridade coa orde de prendelo.

O Francés foise á cociña, abalanzouse por unha ventá... e, pernas, ¿para que vos quero?, fuxiu á carreira pola cortiña namentres os argalleiros escachaban coa risa.

Outros nomes famosos

O Casiano do Xosé Ramón de San Vicente un día sorprende á filla, deitada no tendal cun rapaz. Cando os dous namorados se decataron da presenza do pai levaron moito apuro, pero el díxolles con moita aquela.

-¡Quedos, rapaces. Acougade, que eu ben sei o que son esas cousas!

A Xobita do Medio levábase moi mal coas veciñas e cando rifaban o primeiro que lle espetaban é que andaba cuns e con outros e ata non faltaba quen lle chamaba rameira.

A Xobita retrucáballes:

-Mirade que sodes... Criticádesme porque teño doce fillos, pero todos son do meu home.

O Felisindo de Agorteón tiña a teima de lles pedir ás mulleres unha agulla para que a nai lle zurcira os calcetíns. Tamén pedía pucheiros vellos e rotos, que enchía de auga e puña ó lume "para facer renegar ás augas das fontes e ó lume, que se mollaba todo".

O Feces de Santa Cristina aínda era un labrador regular; pero tiña moitas fillas e, como sempre lle pedían cartos e non os tiña, ocurriúselle mercar un semental e, cando un paisano levaba a vaca ó xato do Feces e lle regateaba no precio, dicía el:

Comprendede que o xato téño para as fillas. Hai que me dar un peso e non rebaixo unha cadela.

O Cándido da casa grande de Toexe era moi bromeiro el e un día, na casa do Ferreira dixo:

-Antigamente en Paradela había poucas carnes. Agora, con iso das granxas de pitos, de becerros e vacas, aumentou moito a carne e o leite; pero o que fai falla aínda é unha granxa de mulleres. Quen a está poñendo é o Marcelino de Fixón, un home que anda nos cincuenta anos e xa ten unha muller co bocio, outra coxa e dúas que arriman ós setenta.

-¿E que tal lle vai?, preguntou o Teirente.

-Todas teñen paga. Unha granxa así é a solución e dá moita produción.

Cabo

Nestes intres en que sufrimos arreo os medios de comunicación, temos que alertar e non permitir que a televisión, por exemplo, despersonalice a nosa individualidade. A programación elaborada por minorías irresponsables, a miúdo, manipuladas por intereses secretos, está a masificar e uniformar os pobos; anulan a persoa, afogan o desenvolvemento natural e esmagan a inventiva popular.

Os antergos lugares de reunión están valeiros; os fogares, mudos; tododiós vive pendente da televisión asimilando as planificadas e cativas ideas servidas nun trebello que propaga crime, immoralidade, desacougo...

Todo, menos os medios de comunicación, arrecende democracia, que eu definiría como un soltarse a andar, ceibarse de paternalismos e andadeiras. As argalladas televisivas seguen a esmagar a cultura do pobo e a martelar na alma galega con xeitos alleos ás nosas vivencias ancestrais.

Debemos aprender das nosas xentes, estudar os seus costumes, recoller os seus ditos ateigados de sabencia, escolmar as verbas asulagadas no máis extremo das nosas bisbarras e devolver ó pobo as súas propias creacións pulimentadas e adornadas pola man do artista, para que poida ollarse nelas e sentirse orgulloso de ter unha idiosincrasia propia.

MÁIS COUSAS DA ALDEA

ALLEOS Ó POBO. SIMONÍA. ¿ATA CANDO?

Certamente, doime que "Cabezudos" e "Enterro na aldea", artigos que publiquei hai uns vinte anos, aínda sexan de plena actualidade en Paradela e en Galicia. Cando ata os partidos políticos botan man do galego para arrecadar votos e cando xurden a cotío conversos ó noso idioma, a maior das veces por interese, case todo o clero galego, que debía sentirse carne do seu pobo, segue alleo á problemática dos seus fieis, mófanse da súa incultura -refírome á que se adprende nas escolas oficiais, pois de todos é coñecida a enorme cultura innata dos nosos labregos- e practican a simonía. Oxalá que, o máis axiña posible no tempo, "Cabezudos" e "Enterro na aldea", feitos reais transcritos por min, soen a cousas anecdóticas. Un feixe de cregos verdadeiramente apostólicos están a correxir arcaicos erros como o fixeron os verdadeiros profetas. Para estes o meu maior respecto.

"CABEZUDOS"

Era tarde baixa canda saímos de casa. Íamos a visitar a uns amigos a unha parroquia veciña.

Inda ben non encetamos a longa camiñata cando, pola dereita, nunha encrucillada, ollamos un home cun libro nas mans.

Instintivamente coidei que era un turista dos moitos que durante o verán sanamos en

Galicia as febres que nos roen, a cada intre, en lonxanas e ata antípodas nacións alleas.

O meu acompañante faloume polo baixo:

-Aquí tes o señor abade.

Seguiron as presentacións e axiña un parrafeo desafortunado. Tiñamos diante nosa un crego dos que soamente arrecadaron das ensinanzas do Concilio Vaticano II... o traxe laical. Estabamos a falar cun enviado de Cristo que, coido eu, quizabes pensaba que a chamada de Xoan XXIII tivo por obxecto única e exclusivamente arrombar coa sotana.

-¿Cando dirá a Misa en galego?

-¿Para que? A xente non o entende. Nin tan sequera o sabe falar.

-O Concilio di que empregando a lingua do pobo afóndase mellor nos sentimentos da alma.

-De acordo. Pero iso refírese as linguas vivas. Non ás mortas. ¿Cal dos meus feligreses leu un libro en galego? Dígolles que o que falan é unha zarapallada. A xente non lles está para complicacións lingüísticas. O paisano só teima medrar máis co veciño.

O meu parente alongoulle "Catecismo do Labrego" ó tempo que lle dicía:

-Pois aquí ten vostede un libro escrito na nosa fala con máis de vinte edicións.

-Pode ser, interrompiu o crego sen dar creto ningún.

E engadiu:

-Eu dígolles que neste lugar poucos poderían vender. Os labregos non soltan unha cadela.

Eu, que estou afeito a outro xeito de apóstoles, lembreime dos cregos cataláns e pensei no P. Dom Aureli Escarré que dende a eternidade doeríase daquel unxido de Deus.

A conversa colleu derroteiros novos de cumprimento.

-¿Que tal se presenta a festa?

(Os ramistas xa tiñan todo arranxado: o permiso, a orquesta, os foguetes, a Misa solemne, un cuarteto de gaitas...)

A resposta do crego foi rápida.

-Será completa. Este ano haberá cabezudos tamén.

-Non será tal, cortei.

-¿Si, hom! Sempre os houbo. Coma cada ano, o día da festa estas corgas serán un fervedoiro de cabezudos.

Deixounos aparvados o raio do crego. Durante un bo cacho de camiño o meu parente e máis eu non demos palabra. Eu cavilaba no libro dos salmos verquidos á nosa lingua por I. Alonso, na Biblia de Casado Nieto e na tradución dos evanxelios feita polos coengos X. Morente e M. Espiña, libros que colman de resoancias gasalleiras os recunchos do espírito.

De volta, lin as verbas sinxelas de Cristo na comparanza do Bo Pastor:

"Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor expón a súa vida polas ovellas. O mercenario, que non é

pastor, e de quen non son propias as ovellas, ve vir o lobo e deixa as ovellas e fuxe: desta maneira o lobo arrebatara as ovellas e desfai o fato; porque o mercenario anda pola paga e non lle importan as ovellas. Eu son o Bo Pastor; coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min".

¿Terá meditado esta comparanza o crego dos "cabezudos"?

ENTERRO NA ALDEA

Unha chamada telefónica embazou a nosa tranquilidade estival en Lugo. Dende a aldea chegábanos a verba dorida do amigo que tamén el estaba coa familia na terra natal.

Sempre en harmonía, hai moitos anos que vivimos emigrados nunha grande cidade. Casamos nas mesmas datas. Polas mesmas razóns, dous meniños aledaron os nosos fogares. E, xuntos, superamos outonos, invernos e primaveras co degoro das vacacións, sinónimo de "Galicia" para nós. Este ano tiveron mala fada os nosos amigos. Unha irmá da Lola, a súa dona, morreu supetamente.

-Mañá terémolle os funerais ás doce.

O "línea", un coche todo el remendado, sabedor de mil feiras e camiños, espaxando coiros, choutando coma un poldro, estordegándose nas curvas imposibles, asmático nas costas e algareiro e saltón nas baixadas, empregou no seu camiño dúas horas longas recollendo nunha dúcia de lugares, xentes que, mal e como podían, aproveitaban ocos de milagre. Os baixos do coche ían chidos tamén con sacas de mineral, petates e ata carneiros que non se puideran ceibar da forza domeante dun mozo chamado Silverio.

Xusto á hora dos funerais, chegamos á igrexa, ateigada de veciños e amigos da familia da morta, que agardaban pacientemente o comenzo da función relixiosa.

Case unha hora tardaron os cregos en dar principio ós desacompañados requeos. Nos bancos desartellados, os labregos, que dende a mañá cedo traballaran nas mallas, escoitaban aquela disonancia de voces agudas, graves, roucas e desnorteadas, cavilando, coido eu, na Xenerosa. Ela, coitada, alonxárase daqueles eidos, coas mans encallecidas por rabelas e xiadas. Estaba libre xa do fume da lareira e do po das mallas. Non voltaría ás feiras para malvender ovos, un xamón, unhas galiñas e, en anos de colleita abundosa, carros acugulados de patacas a dous reais o kilo que os irmáns da gran cidade habían pagar a seis pesetas.

As cavilacións enrestrábanse na miña testa cando oín as verbas derradeiras do abade: "Podéis ir en paz", cun deixo de ruín musicalidade castrapa.

Agás do Xosé, o meu amigo catalán marido da Lola, na igrexa non había, abofé, máis persoas non galegas, pero eles, ministros-autoridades do culto oficial, seguían coa teima de empregar a lingua dos reis católicos na terra dos irmandiños abafados.

Ó rematar a Misa estrañoume que homes e donas subiran ó presbiterio. Decateime axiña da razón e confeso o meu noxo. (Nunca tal vira xa que dende neno vivira na diáspora).

Os cregos deron en requear de novo. ¿Sabedes o que? Os antigos responsos. Trocaran o idioma oficial polos vellos latíns que tanto chiste promoveron na nosa terra. E cómo apañaban os cartos, moreas de sudas dos feligreses. No mesmo altar do Sacrificio triunfaba a Simonía. Arrombando o Concilio Vatican amparábanse no idioma antergo para enfaltricar pesos. Penso eu: ¿Terán engado os latíns para valeirar bulsóns?

Poucos días despois, tiven ocasión de falar co abade e contarlle o meu escándalo.

-Sonche tradicións moi arraizadas no pobo e débense respetar.

Pola serán, o Queiroga, o home máis vello do lugar, díxome.

-Son costumes proveitosas para empetar cartos.

E engadiu:

-Mantéñense no latín porque coidan que non os entendemos; pero a traducción dos responsos seina eu completa. Atende o que falan: "Dies illa, dies illa, se eres tonto espabila. Catro duros, catro duros; á conta de catro burros. Calamitatis miserabre; bota pra aquí diñeiro hermano. Se eres rico e tes diñeiro; cantarémosche enterro enteiro. E se eres probe e non tes nada; levámoste de camiñada. Kirieleisón, Kristeeleisón; cartos pró meu bulsón. Pater noster, por ise armatoste".

-Teño oído moitas veces estas ou semellantes interpretacións, dixen.

O Queiroga tusiu e coa seriedade dun crego vello cantou solemnemente:

-Bebi in fontem rubincatem furmigaten buratatem. Pasim puentem burritatem mirmikikim quiquitatem.

-Tes oído moitas veces cousas semellantes ¿non si?- dixo con certa aquela ó se decatar do meu aglaio -pois se queres saber o significado deste responso escórñate e cavila, que non cho digo.

O MEDIO RURAL, FONTE DE CULTURA

Os galegos, máis que unha raza somos o resultado dunha chea de circunstancias, unha superposición de pobos que chegaron ó Finisterrae por tódolos camiños. Murguía, e con el tódolos creadores do mito celta no século XIX, e máis tarde Florentino López Cuevillas, crearon a imaxe dunha Galicia céltica que hoxe non se pode manter nin arqueolóxica nin antropolóxicamente, anque tampouco se pode negar que temos influencias celtas, como se pode deducir da mesma palabra Galicia. A raíz "Gal" significa "branco". Celtas érano, tamén, os gálatas de Asia Menor e os "galos", de Francia. Ó chegar ó noroeste atopáronse cuns habitantes procedentes da Idade de

Bronce, os oestrimnios, que se adicaban á navegación e exprotaban o estaño. Os celtas adoraban a natureza, as árbores, as fontes, sabían fundir o ferro, desprazábanse a cabalo e asimilaron a cultura oestrimnia. Os romanos, tras longos anos de loita, conseguiron dominar plenamente o noroeste peninsular e, conscentes da súa idiosincrasia diferenciada, convertírono nunha provincia do Imperio romano: Gallaecia, que no século V foi invadida polos suevos, instauradores do primeiro reino independente da Iberia. Os árabes, a pesar do escaso dominio que exerceron en Galicia, tamén deixaron o seu calco na nosa Terra.

Ademais das devanditas invasións alleas, outras dimensións do home galego son as circunstancias causais do Hábitat, que foi unha fonte da orixe da personalidade galega, das súas peculiaridades e da súa individualidade. Tan elevado número de razóns e o contorno en que se desenvolveron, formaron, pois, a nosa etnia.

Como dixo Ramón Otero Pedrayo, o pobo galego é un archipiélago. As vilas, as aldeas, son pequenas, atomizadas. As súas xentes son sinxelas e están insertas na problemática da súa época. No pobo está toda a alma galega, tódalas súas contradicións, as supersticións, o carácter, o pensamento, as lendas e ata os erros, reflexando canto caracteriza a Galicia.

A verdadeira Historia do noso pobo atópase na cultura popular porque a Historia que nos presentan nos libros, a miúdo, está mal contada e, case sempre, sometida a deformacións que se perpetúan nas publicacións.

Hai moitos xeitos de narrar a Historia dun país. Eu diría que hai tantas maneiras como historiadores. Hidacio, por exemplo, coñecedor dos primeiros anos da invasión sueva, era un gran defensor do Imperio Romano. Orosio, contemporáneo del, afirma que os bárbaros cambearon as espadas en arados e que moitos galaicos preferían vivir baixo o dominio suevo a pagar os tributos a Roma. Idacio pertencía ó grupo étnico dos límicos, tribu da actual comarca do Xinzo, e foi bispo de Chaves. Orosio era nativo de Braga. Ambolos dous viviron no século V, na mesma provincia romana, rodeados dos mesmos problemas, e, sen embargo, deixáronnos diferentes interpretacións dos invasores xermánicos.

Se avanzamos no tempo, seguindo a liña trazada polos nosos historiadores, encontrámonos con ARGOS DIVINA, Nuestra Señora de los Ojos Grandes, do doutor don Juan Pallares y Gayoso (1614-1698), que levado polo seu, hoxe diríamos fanatismo de amor filial, á Virxe Patrona de Lugo e á súa cidade natal, chega a asegurar que Hércules foi o fundador de Lugo, que o Apóstol Santiago erixiu a nosa catedral antes que San Pedro o fixera en Roma. Máis aínda: afirma que a Virxe María veu a Lugo para animar ó Apóstol no seu labor de evanxelización, e que a Imaxe, que veneramos na actualidade, foi esculpida durante a súa estancia aquí e, cando lla presentaron, María felicitou ó artista polo gran parecido da Imaxe a ela mesma.

No 1703 e no 1736, Francisco Manuel Huerta, publicou "Anales de el Reyno de Galicia" en

dous voluminosos tomos, onde vemos reflexados, por non dicir copiados, moitos desatinos que escribiron anteriores historiadores. E así chegamos á Historia de Galicia, de José Verea y Aguiar. Atendan vostedes ó que di a portada do libro: "aprobada pola Academia da Historia no ano 1832". Pois ben: Verea y Aguiar escribe, citando ó P. Mariana, que Túbal, neto do xusto e civilizado Noé, veu por si mesmo a probar a dar leis e costumes a esta parte occidental de España. O historiador estaba dolido contra Ambrosio de Morales (nesto dámoslle a razón) que, ó se referir a Galicia dixo: "Los de aquella tierra, comunmente, son de poco entendimiento". Arremete contra o historiador catalán, Masdeu, porque negaba que os gregos estiveran en Galicia. Láíase de que o P. Mariana escribira que "somos un país pobre" e, levado polo seu afán patriótico enumera unha longa serie de persoeiros, todos galegos: Teodosio, emperador de Roma, e o papa San Dámaso, entre outros. E relaciona unha longa serie de palabras de orixe celta para demostrar que Galicia ten unha personalidade propia.

Don Benito Vicetto, na súa Historia de Galicia, editada no Ferrol no 1865, é un manantío de fantasía romántica. Don Manuel Murguía, no 1888 publica "Galicia", unha historia moito máis seria. Séguelle Amor Meilán e chegamos á actualidade en que se escribe sen tanto apaixoamento, escúlcanse fontes históricas, distinguido o que é verosímil do que é ficción. Temos meritísimos investigadores que desempolvaron documentos nos vellos pazos, nos arquivos das catedrais e dos mosteiros, tal é o caso do historiador santiagués López Ferreiro. Hoxe en día, Casimiro Torres, Emilio González López, Xosé Ramón Barreiro e Ramón Villares, entre outros, seguen a pescudar no noso pasado con acerto metódico en sen paixón apoloxética; pero tódolos pobos tiveron épocas nas que a moda era escribir páxinas panexíricas, cheas de fantasía, o que non deixa de ter a súa gracia.

Hoxe estase a traballar con seriedade, como dixen. Pero, ademais de valerse de vellos pergamiños, a ciencia moderna sírvese doutra disciplina: a etnografía. Os estudos etnográficos iniciáronse en Alemania e Inglaterra co nome de Folclore. A primeira sociedade adicada ó estudio do folclore de Galicia foi iniciativa de Emilia Pardo Bazán e, nela, colaboraron Xosé Pérez Ballesteros, que publicou un cancionero popular, e Marcial Valladares, autor dun dicionario galego.

Dende a perspectiva folclórica, verba que eu interpreto como sinónimo de "cultura popular", seguindo a Vicente Risco, mestre máximo da etnografía de Galicia, é do que pretendo falarlles. Non vou, pois, encadear datos históricos nin profundar nas causas que os orixinaron e moito menos inventar ou exaltar feitos que nos dean unha imaxe triunfalista de Galicia. Coido de maior interés analizar, aínda que moi superficialmente, a realidade cultural que se conserva no medio rural, sobre todo no tocante á lingua, a pesar de cinco séculos de aillamento e atrancos.

A represión dos Reis Católicos, o éxodo forzoso da nobreza galega e as leis de Toro de

1580, que obrigaban ós escribanos a pasar examen en lingua castelán, non acadaron decapitar a cultura autóctona de Galicia. É verdade que se viu forzada a replegarse, pero o pobo soubo crear defensas propias para mantela viva.

As razóns desa supervivencia débense a que Galicia sufriu moitos vaivéns ó longo da Historia. Os celtas, as loitas feudais... inmunizárona, poderíamos dicir, de aí que saiba escudarse moi ben sicolóxicamente. Iso vémolos a miúdo, mesmo na conversa, co emprego da interrogación dubitativa ¿non si?.

Cando falo do pobo galego estoume a referir á xente das aldeas, as vilas pequenas e a determinados sectores das cidades, xa que a burguesía está instalada nunha cultura allea, nunca tivo conciencia de nación, e considera ó medio rural un ente inferior, cerrado, individualista. Iso é falso. Está demostrado o gran sentido de solidariedade do noso pobo en casos de explotación comunitaria (montes comunais, augas, prados); no uso de determinados instrumentos de produción de traballo (eiras, muíños, fornos); nas labouras agrícolas en común (malla, esfolla do millo, peonaxe a troque día) e no ancestral costume que permite á xente máis pobre recoller, para si, os froitos de fincas alleas, unha vez que xa se fixo a colleita.

Afortunadamente, o pobo, a través do diálogo no fogar, nas xuntanzas no adro das igrexas, nas festas, nas romerías ou nas feiras, seguiu empregando a lingua propia, que acadou o máximo nivel de dignidade nos cancioneros e nos contos populares. A grandeza creativa manifestouna, ademais, na música, na danza, na artesanía popular, no románico, no renacemento, no Dereito Galego baseado nos usos e costumes e, se recuamos no tempo, nos dólmenes, nos machados de bronce, nos torques de ouro, nos castros e ata nas construcións circulares -pallozas- que se adaptan á climatoloxía e á paisaxe. A este pobo, que foi capaz de grabar o granito, mérito meirande que o dos gregos e latinos, que traballan con materiais moito máis doados, débémolles a nosa actual existencia como país diferente.

O patrimonio que nos legaron os nosos devanceiros, debemos conservalo. Felipe Arias estivo atinado cando dixo: "Non se pode destragar o idioma, un castro, unha mámoa, un rueiro típico de aldea". Canto signifique identidade co noso pobo non se pode perder, porque é da colectividade. Galicia, sen a fala propia, sen os castros, sen os pazos e mosteiros, sen o ritmo e sensibilidade musical que perduran nos máis alonxados recunchos da nosa Terra, sen as tradicións e costumes que se atopan, a pouco que se arrebuñe, no sentir das nosas bisbarras, Galicia, sen patrimonio artístico autóctono, sería un territorio orfo de Historia.

No variado e abondoso Patrimonio cultural a que nos referimos, o que máis nos identifica é a lingua, esa lingua que empregou Rosalía de Castro, como ela mesma di "para identificarse cos labregos e os mariñeiros, únicos que traballan no seu pobo". A mesma lingua que empregou Álvaro Cunqueiro en MERLIN E FAMILIA e ESCOLA DE MENCINEIROS, libros que din moito máis

da realidade galega ca determinados panfletos políticos. A mesma de Anxel Fole, en A LUS DO CANDIL e TERRA BRAVA, relatos da montaña luguesa, increíblemente auténticos pola gracia, a galanura e a forza das súas imaxes admirables.

As fontes de inspiración destes e outros literatos foron os aldeáns, depositarios da lingua, sabedores dos costumes ancestrais e mestres á hora de compangar a retranca e o inxenio coa doada facilidade imaxinista e co humorismo que lles ven de vello.

O paisano galego é un sicólogo nato para captar axiña o bo e o malo; é un home de espírito inqueda, que non cansa de cismar e profundar nas vivencias íntimas da alma, de canto o cingue e dos aconteceres de cada día para logo desenvolver a súa sensibilidade creadora, aleccionándonos coma un pedagogo cos contos sarcásticos ou pícaros, raposeiros ou cun aquel de amolar un nisco, pero sen ferir a ninguén e sempre cun engado enxebremente galego.

Lémbrome de moitos personaxes da miña bisbarra -Paradela-, capaces de facer felices ós seus oíntes a carón da lareira, no café, nos intres de folganza no tempo da seitura ou das mallas, contando historias, trouladas ou lérias, de vagar e sen présas.

Vexan algúns exemplos:

O Avelino de Randulfé é un home moi sabido en erbas. El coñece a maior parte das que teñen virtudes curativas: o cecimbre, que se dá nos Chaus, é un gran remedio contra as lombrigas; a cogolla, que medra con forza na Lucenza, é do mellorciño para evitar a calvicie e, para eliminar os noxos estomacais, non hai cousa como o asente. Pero escoiten o que me dixo da raíña da herboristería: a ruda.

A ruda é boa para tódalas doenzas. Non hai outra coma ela en todo o reino de Galicia. Chirriscada en saín vello, cun par de ovos, un bo cortezo de pantrigo e un neto de viño de Aviado, é remedio superior contra o decaimento. E agora ven a gracia do relato: As mesas ben abastadas descoñecen esa menciña. Caciques e cregos prefiren unha boa lacoada con grelos.

Atendan vostedes con que elegancia satiriza a democracia.

Debo cavilar ben -díxome nunha ocasión- o que falo. Palabra que dea, quero cumprila. O que non prometeréi é non ter máis arroutadas porque, daquela deixaría de vivir ó meu aire. Por veces teño ideas ruíns coma o demo maior, pois non temo nada, pois teño irmáns e amigos. Tamén o demo maior tiña excelentes irmáns, coma o Patrón da nosa parroquia, San Miguel, quen o chimpou ós infernos, pero, así e todo, fíxoo xefe dos outros demos. Inda que faga algunha falcatuada, conto que os meus non me desamparen e me dean un cargo. Hoxe en día, con iso da democracia, hai moitos choios. Tododíós é presidente ou secretario de algo.

O Enrique de Macía era moi ocurrente. Un día saíamos pola porta de Santiago e vimos

unha mulleriña a correr, que pasou o semáforo en rubio para subir ó "Bus". Atrás dela, o municipal ía chifrando e coa libreta e o bolígrafo na man. A boa da muller, pequeneira e reboluda, marchou no "Bus", satisfeita por terse liberado da multa.

O Macía berroulle ó gardia:

-¡Señor, señor, cóllalle a matrícula!

Moitos avergónñanse da orixe rural. É sabido que na primeira, segunda ou na terceira xeneración, todos vimos da cultura do sacho, como afirma o profesor Basilio Losada. Iso non é ningunha disgracia. Boa proba é que os suízos, ingleses e franceses coidan un privilexio non vivir nas cidades. As cidades son panais sen mel, por iso -estámolo vendo aquí tamén- os que teñen medios económicos fúxenlle ó asfalto sempre que poden e vanse ó campo para disfrutar do acougo e regalía da natureza que, en Galicia, é extraordinariamente variada, tanto na montaña coma nas veigas do interior e nas costas dos nosos mares. Soutos centenarios, carballeiras que evocan un pasado sagrado; monte baixo inzado de toxos, xesteiras e carqueixas; labradíos nas vagoadas dos montes e á beira dos ríos; sinfonía de cores: o verde dos prados e das agras de centeo noviño; o amarelo das nabeiras; o dourado das fachadas de cantería; o cobre dos fentos no outono; o azul dos ríos e do ceo e ¿por que non? a chuvía manseniña ou a ballón, que, como me dixu unha vez o inolvidable Tuñas Bouzón, é o tributo que pagamos os galegos ó longo de nove meses para disfrutar outros tres de maravillosa exuberancia paisaxística. A chuvía enriquecedora, que don Anxel Fole definiu como "salsa de Galicia" un día que estabamos no cume do Monte do Páramo, contemplando a incomparable beleza orográfica, limitada polos Ancares, o monte Faro, de Chantada, e o alto do Picato, de Lugo.

Non é, pois, unha disgracia ser orixinarios do medio rural. Faleilles algo da paisaxe e aínda nos poderíamos extender nos mitos que son a "memoria inconsciente" da nosa tradición; o culto das augas, do lume, de determinados penedos; lendas de encantos e de tesouros gardados por mouros; das tradicións relixiosas, do lirismo, da saudade e de canto se refire ó folclore, ou cultura popular madurecida a través de moitas xeneracións; pero coido que abonda co exposto. Vou engadir soamente un caso que lle sucedeu a un veciño meu, o Gaioso de As Cortes, para remarcar, con este exemplo, a agudeza das nosas xentes, a facilidade innata que teñen para saír airosos nas situacións complicadas.

Un ano, polo Preceuto, el, coma os demais feligreses, foi á igrexa para oír un freire predicador e quedou maravillado do sermón. A saída da misa, un tal Silverio díxolle: Gaioso, ti tes un año. Traino á casa do cura que o comemos. O meu veciño non quixo pasar por avarento, pero tampouco por pailán. A resposta saiulle pintada: e, logo, ¿como queres que coma o año se aínda non llo paguei a quen mo vendeu?

Para rematar esta visión panorámica do noso país que, insisto, mantense coma tal gracias á

cultura popular, vou facer unhas consideracións que debemos ter todos moi presentes.

O alento fundamental da nosa etnia é o idioma. El é quen nos dá personalidade a carón das outras nacións. Temos que tomar conciencia do noso destino como células de universalidade, segundo pedía Castelao. Temos que beber na auga limpa da nosa cultura, vivir os nosos costumes, falar o noso idioma, implicar ós tendeiros para que poñan os seus carteis en galego, ós concellais para que o empreguen nos consistorios, nas actas e na nomenclatura dos pobos e das rúas, ós cregos para que propaguen a doutrina e impartan os sacramentos en galego. É incomprendible que nesta cidade de Lugo só poidamos falarlle a Deus, no noso idioma, unha vez no ano, por Corpus. Hai que esixirlle á Administración e ós medios de comunicación que lle dean maior divulgación, para prestixialo e superar o estigma social, creado por tantos anos de imposición do castelán. Soamente tomando plena conciencia dos nosos valores salvaremos da morte o Xenius galego e conseguiremos que Galicia volva a atoparse a si mesma escoitando a voz eterna da Terra, como dixo Antón Villar Ponte.